

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 10 de xullo de 2026

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e once minutos do día dez de xullo do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez,, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37364.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 6 de xullo de 2026.

2.37365.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES INFANTÍS, CON INSTALACIÓN DE INCHABLES E REALIZACIÓN DE TALLERES, NO MARCO DO PROGRAMA +CONVIVIR 2026-2027. (EXPTE. 2026051202).

Dado a Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que ten atribuídas, entre outras, nos artigos 31.2 e 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, promove, a través da Área de Acción Comunitaria, o desenvolvemento dun conxunto de iniciativas e proxectos dirixidos ás comunidades e colectivos veciñais que integran o tecido asociativo da provincia.

Considerando que, a estes efectos creouse o Proxecto de gastos do Programa +CONVIVIR 2026-2027 destinado a mellorar as condicións de vida da veciñanza mediante o desenvolvemento de actividades lúdico-formativas que favorezan a adquisición de habilidades e competencias



persoais e sociais, e que contribúan á dinamización comunitaria, á convivencia veciñal e ao fortalecemento dos vínculos sociais no territorio provincial. No marco deste programa específico e de carácter puntual, vaise desenvolver a contratación externa do servizo de organización e execución de actividades infantís, con instalación de inchables e realización de talleres.

Considerando que, no marco do Programa +CONVIVIR, prevese a realización dun total de trinta e seis xornadas de carácter lúdico-formativo. Entre as actuacións previstas inclúense a instalación de inchables e a organización de talleres dirixidos ao público infantil deseñados conforme a criterios pedagóxicos axeitados, orientados ao desenvolvemento de habilidades creativas, cognitivas, psicomotrices e sociais, promovendo en todo caso a participación activa, a inclusión e a igualdade de oportunidades.

Considerando que ao tratarse dun servizo que conleva prestacións directas a favor da cidadanía, resulta de aplicación o disposto no artigo 312 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, polo que procede establecer, con carácter previo á súa contratación, o réxime xurídico básico do servizo.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2c) das Bases de execución do Orzamento, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Por conseguinte, vista toda a documentación que obra no expediente número 2026051202; vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación (CSV: Q8VOP6TE1JMNHC7P e ZBMY6A3EAGUKJ4C2), da Secretaría Xeral (CSV: B0DRZUAPW8FPOOB0) e a dilixencia da Intervención Provincial (CSV: 00T4MV9YYUI816TH), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as bases reguladoras do servizo de organización e execución de actividades infantís, con instalación de inchables e realización de talleres, no marco do programa +CONVIVIR 2026-2027. Ditas bases apróbanse co tenor literal que se contén no documento con CSV (A5G8YH8WU4CMS460).
2. Ordenar a publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital

Conforme:

O xefe do servizo de Cooperación

O deputado delegado de Acción
Comunitaria

Marcos Areán González

Javier Tourís Romero

Documento asinado dixitalmente na marxe



**BASES REGULADORAS DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES INFANTÍS, CON
INSTALACIÓN DE INCHABLES E REALIZACIÓN DE TALLERES, NO MARCO DO PROGRAMA +CONVIVIR 2026-
2027**

A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que lle atribúen, entre outros, os artigos 31.2 e 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, vén desenvolvendo políticas públicas orientadas á promoción do benestar social, á cohesión territorial e ao fortalecemento da vida comunitaria no conxunto da provincia. Neste contexto, a través da Área de Acción Comunitaria, impulsa actuacións dirixidas tanto ao tecido asociativo e ás comunidades veciñais como á poboación infantil e xuvenil, coa finalidade de mellorar as condicións de vida da cidadanía e favorecer a dinamización social dos distintos ámbitos territoriais.

Estas actuacións enmárcanse nunha estratexia global de intervención comunitaria baseada na promoción da convivencia, a participación cidadá e a igualdade de oportunidades no acceso a actividades sociais, culturais e de lecer, entendendo o espazo público como un ámbito privilexiado para o encontro, a socialización e o reforzo dos vínculos comunitarios. Neste marco, as políticas dirixidas á infancia adquiren unha especial relevancia, ao constituír un colectivo prioritario nas actuacións de benestar e cohesión social e un elemento clave na construción de comunidades máis inclusivas, dinámicas e cohesionadas.

Neste sentido, o desenvolvemento de actividades lúdico-formativas dirixidas ao público infantil contribúe de maneira significativa á adquisición de habilidades sociais básicas, á aprendizaxe da convivencia e á creación de espazos seguros de lecer que favorezan a interacción entre menores en contornas accesibles e inclusivas. Estas actuacións, ademais do seu carácter recreativo, teñen unha importante dimensión social e educativa, ao promover valores como a cooperación, o respecto e a igualdade, así como ao garantir o acceso equitativo ao lecer con independencia do lugar de residencia.

No marco desta liña de actuación, a Deputación de Pontevedra considera necesario articular un servizo específico de organización e execución de actividades infantís, que inclúa a instalación de inchables e a realización de obradoiros lúdico-formativos, co obxectivo de ofrecer propostas de lecer seguras, inclusivas e de calidade, que poidan desenvolverse en distintos concellos da provincia. Este servizo permite achegar recursos ao conxunto do territorio, especialmente a aqueles ámbitos con menor capacidade organizativa ou con maiores dificultades de acceso a este tipo de actividades.



Así mesmo, a prestación deste servizo contribúe á dinamización da vida local e ao fortalecemento da cohesión social, ao xerar espazos de encontro comunitario que fomentan a participación das familias e a interacción da poboación infantil. A combinación de actividades recreativas, como os inchables, e obradoiros adaptados á idade dos participantes permite reforzar a dimensión educativa do lecer e promover hábitos de convivencia saudable, participación activa e respecto mutuo.

En consecuencia, a presente iniciativa enmárcase na vontade da Deputación de Pontevedra de impulsar políticas públicas que, desde unha perspectiva de equidade territorial e social, contribúan á mellora da calidade de vida da cidadanía, ao fortalecemento do tecido comunitario e ao desenvolvemento integral da infancia no conxunto da provincia, garantindo o acceso universal a actividades lúdicas e educativas de carácter inclusivo.

Ao tratarse dun servizo que conleva prestacións directas a favor da cidadanía, resulta de aplicación o disposto no artigo 312 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, polo que procede establecer, con carácter previo á súa contratación, o réxime xurídico básico do servizo.

Dada a natureza temporal, puntual e non permanente do programa +CONVIVIR 2026-2027, que non implica a creación dun servizo público estable nin a súa continuidade en exercicios posteriores, considérase suficiente a aprobación das presentes bases reguladoras de funcionamento como instrumento adecuado para determinar as condicións básicas de prestación do servizo, sen prexuízo das prescricións técnicas que rexan a súa contratación.

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto definir as condicións que rexerán a contratación do servizo de planificación, organización e execución de actividades infantís no marco do programa +CONVIVIR 2026-2027.

Este servizo inclúe a instalación de elementos inchables e a realización de obradoiros lúdico-educativos dirixidos ao público infantil, deseñados para fomentar a participación, a convivencia e o desenvolvemento de competencias creativas, cognitivas, psicomotrices e sociais, garantindo en todo momento a inclusión, a accesibilidade e a adecuación ás distintas idades.

Segunda. Finalidade

A finalidade do programa é mellorar as condicións de vida da veciñanza mediante o desenvolvemento de actividades lúdico-formativas que favorezan a adquisición de habilidades e competencias persoais e sociais, e que contribúan á dinamización comunitaria, á convivencia veciñal e ao fortalecemento dos vínculos sociais no territorio provincial.



Terceira. Persoas beneficiarias e condicións de acceso

As actividades estarán dirixidas ao público infantil, dentro das franxas de idade que se determinen para cada modalidade de actividade, de acordo coas características técnicas e de seguridade establecidas nos pregos contractuais.

O acceso ás actividades será libre e gratuíto para as persoas destinatarias, ata completar o aforo máximo permitido en cada espazo ou actividade por razóns de seguridade, organización ou correcta prestación do servizo.

A participación poderá ordenarse mediante quendas, control de acceso ou outras medidas organizativas cando resulte necesario pola afluencia de persoas participantes, capacidade dos espazos ou características das actividades.

A participación nas actividades non xerará dereito subxectivo á súa celebración nunha data ou lugar determinados, nin á súa continuidade en futuras edicións do programa.

Cuarta. Descrición e desenvolvemento do programa

No marco do programa +CONVIVIR desenvolveranse xornadas de convivencia e dinamización comunitaria dirixidas ao público infantil, mediante a realización de actividades lúdico-formativas que poderán incluír, entre outras, a instalación de inchables, obradoiros participativos e outras actividades recreativas adaptadas á idade das persoas participantes.

As actividades desenvolveranse conforme ás condicións xerais previstas nestas bases e ás prescricións técnicas que rexan o correspondente contrato, nas que se determinarán os medios persoais e materiais mínimos, as características técnicas dos equipamentos, as condicións de seguridade e o resto de obrigas necesarias para a correcta execución do servizo.

As xornadas poderán desenvolverse en diferentes modalidades, en función das necesidades organizativas do programa, da previsión de participación e das características dos espazos dispoñibles.

A execución material das actividades corresponderá á empresa adxudicataria, baixo a dirección, organización, supervisión e control da Deputación de Pontevedra.

Quinta. Localización das xornadas

As actividades desenvolveranse en distintos concellos da provincia de Pontevedra, de acordo coa planificación que estableza a Deputación, atendendo a criterios de equilibrio territorial, necesidades organizativas, dispoñibilidade de espazos e interese público.

A determinación concreta dos concellos, emprazamentos e modalidades de cada xornada corresponderá á Deputación, podendo introducirse as modificacións que resulten necesarias por razóns organizativas, de seguridade, dispoñibilidade dos espazos ou outras circunstancias debidamente xustificadas.

Os espazos seleccionados deberán reunir condicións adecuadas de accesibilidade, seguridade, capacidade e funcionalidade para o correcto desenvolvemento das actividades.



Os lugares concretos de celebración serán obxecto da adecuada difusión a través da páxina web da Deputación, da sede electrónica e das restantes canles institucionais de comunicación, así como por aqueles outros medios que se consideren adecuados, co fin de garantir o coñecemento público do programa e facilitar o acceso da cidadanía ás actividades.

Sexta. Calendarización das xornadas

As actividades desenvolveranse durante o período de execución do programa +CONVIVIR 2026-2027, conforme á planificación aprobada pola Deputación.

A determinación das datas e horarios concretos de celebración corresponderá á Deputación, que os comunicará á empresa adxudicataria coa antelación prevista nos pregos que rexan o contrato. As datas, horarios e lugares de celebración serán obxecto de publicidade suficiente a través da páxina web da Deputación, da sede electrónica e das restantes canles institucionais de comunicación, garantindo unha difusión adecuada entre a cidadanía potencialmente destinataria das actividades.

As actividades poderán ser suspendidas, adiadas ou modificadas por razóns de seguridade, condicións meteorolóxicas adversas, forza maior ou outras circunstancias organizativas debidamente motivadas, sen que iso xere dereito á celebración nunha data determinada nin á continuidade do programa en futuras edicións.

Sétima. Réxime económico

As actividades serán gratúitas para as persoas participantes.

En ningún caso a empresa adxudicataria poderá percibir contraprestación económica ningunha das persoas usuarias pola participación nas actividades, pola utilización dos equipamentos ou polos materiais necesarios para o seu desenvolvemento.

A única remuneración da empresa adxudicataria será o prezo do contrato que resulte procedente pola correcta execución do servizo, nos termos establecidos nos pregos contractuais.

Oitava. Normas de uso, dereitos e deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias terán dereito a participar nas actividades programadas en condicións de igualdade, accesibilidade, seguridade e respecto, de acordo coa súa idade, capacidade dos espazos e condicións establecidas para cada actividade.

Así mesmo, terán dereito a recibir información básica sobre o funcionamento das actividades, horarios, condicións de acceso, normas de uso e medidas de seguridade aplicables.

As persoas participantes deberán facer un uso adecuado dos equipamentos, materiais e instalacións, respectar as indicacións do persoal responsable, observar as normas de convivencia e seguridade e actuar con respecto cara ao resto das persoas usuarias e profesionais do servizo.



As persoas menores deberán estar acompañadas por unha persoa maior de idade responsable, nos termos que se establezan para cada actividade, especialmente na entrada, permanencia e saída do recinto ou espazo de celebración.

A Deputación e a empresa adxudicataria poderán limitar ou impedir o uso dunha actividade cando se incumpran as normas de seguridade, se poña en risco a integridade das persoas ou se altere gravemente o correcto desenvolvemento do servizo.

A empresa adxudicataria deberá contar co seguro de responsabilidade civil e demais coberturas esixidas nos pregos contractuais.

Novena. Réxime de responsabilidades

A empresa adxudicataria será a única responsable da correcta execución e desenvolvemento das actividades, así como do cumprimento da normativa que resulte de aplicación durante a súa prestación.

En particular corresponderá a empresa adxudicataria:

- Aportar os medios materiais e persoais necesarios para o desenvolvemento das actividades en condicións de seguridade.
- Garantir que os inchables, equipos, materiais e instalación utilizados cumpran a normativa vixente e dispor, no seu caso, das certificacións, homologacións e inspeccións previstas.
- Contar con persoal suficiente e debidamente cualificado para a montaxe, supervisión, vixilancia e desmontaxe dos inchables, así como para o desenvolvemento dos obradoiros.
- Adoptar as medidas preventivas e de seguridade necesarias para evitar riscos para as persoas usuarias e terceiras persoas, cumprindo a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais e seguridade.
- Dispor, durante toda a vixencia do contrato, dun seguro de responsabilidade civil que cubra os danos persoais e materiais que puideran derivarse da execución das actividades, cunha cobertura suficiente para os riscos inherentes ao contrato.

A empresa adxudicataria responderá dos danos e prexuízos que, por acción ou omisión, dolo, culpa o negligencia, ocasionen o seu persoal, os medios empregados ou a execución das actividades ós participantes, a terceiros ou a bens públicos ou privados.

Décima. Dirección, supervisión e control do servizo

A Deputación de Pontevedra exercerá as facultades de dirección, organización, supervisión, inspección e control do servizo, sen prexuízo da execución material que corresponda á empresa adxudicataria.

A empresa adxudicataria deberá atender as instrucións que lle sexan impartidas pola Deputación para garantir a correcta prestación do servizo, a seguridade das persoas usuarias e a adecuada coordinación das actividades.



Décimo primeira. Permisos, licenzas, autorizacións e dereitos

Serán por conta da empresa adxudicataria a obtención de actos permisos, licenzas, autorizacións ou habilitacións administrativas resulten necesarios para a correcta execución das actividades, así como a adquisición dos dereitos de calquera natureza que sexan precisos para o desenvolvemento das mesmas.

Do mesmo xeito, a empresa adxudicataria asumirá integramente os gastos, taxas, canons, impostos, dereitos de autor, licenzas de uso e calquera outro custo derivado da obtención de os ditos permisos, autorizacións e dereitos, sen que poidan repercutirse na Administración contratante.

Ademais, a empresa adxudicataria deberá dispor, con carácter previo a inicio de cada actividade, de toda a documentación técnica, certificados, inspeccións, seguros e autorización que resulten exixibles conforme a normativa vixente.

Décimo segunda. Protección de datos e imaxe

O tratamento de datos persoais que poida derivarse da organización e desenvolvemento das actividades axustarase ao disposto na normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

A captación, utilización ou difusión de imaxes das persoas participantes, especialmente de menores de idade, só poderá realizarse nos termos permitidos pola normativa aplicable e, cando proceda, coa correspondente autorización das persoas proxenitoras, titoras ou representantes legais.

Décimo terceira. Igualdade, inclusión e accesibilidade

As actividades desenvolveranse conforme aos principios de igualdade de trato, non discriminación, inclusión e accesibilidade universal.

Na medida en que a natureza das actividades, os espazos dispoñibles e as condicións de seguridade o permitan, adoptaranse as adaptacións razoables necesarias para facilitar a participación de menores con discapacidade ou necesidades específicas de apoio.



3.37366.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE FORCAREI PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7001 A ESTRADA-FORCAREI, DENDE O P.Q. 21+910 AO P.Q. 22+726". (EXPTE. 2026033821)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-7001.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de "Mellora da mobilidade peonil na EP-7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 21+910 ao P.Q. 22+726", no termo municipal de Forcarei.

A proposta de actuación pretende dar solución a problemas existente, así como satisfacer necesidades da propia estado, das súas infraestruturas e do seu entorno.

Coa presente intervención preténdese contribuír a redución de emisións GEI, fomentado o uso do transporte limpo, ciclista e peonil.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	472.320,35 €
IVE 21%	99.187,27 €
Presuposto base de licitación con IVE	571.507,62 €



2.- Aprobación municipal:

Consta no expediente certificado da Xunta de Goberno local coa aprobación do Convenio polo concello (CSV: 5AG9J5MDFX3J3JNL3FK3ZJX27).

3.- Proxecto e informes de supervisión :

Constan no expediente:

- Proxecto co CSV: CBLYMMSVO9ZJXN5Z.
- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 14/05/2026 co CSV: AMV5249ZA57TZMW9.
- Informe supervisión do proxecto data 10/06/2026 (CSV: X54ZRV12D8KWILMK).
- Texto convenio data 14/05/2026 (CSV: W6L7RQX7T2OQHBR5) aprobado polo Concello.

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.



De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Forcarei mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	457.206,10 €	80
Concello de Forcarei	114.301,52 €	20
Total obras	571.507,62 €	100



A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2026.

A achega do Concello de Forcarei será de 114.301,52 € (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do concello.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Máis Provincia 2026 Concellos, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impoñan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2.º da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.º) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.



O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas. A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Forcarei co CSV: W6L7RQX7T2OQHBR5 e o seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE FORCAREI PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7001 A ESTRADA - FORCAREI, DENDE O P.Q. 21+910 AO 22+726 (CONCELLO DE FORCAREI)".

INTERVEÑEN

D. Luís López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

D. Belén Cachafeiro Anta, alcaldesa do Concello de Forcarei, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

D^a. María Beatriz Del Cerro Del Río, vicesecretaria xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a



asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 7001 A Estrada - Forcarei, que transcorre polos concellos de A Estrada e Forcarei e ten unha lonxitude de 21.509 metros. Está categorizada como rede complementaria no catálogo de estradas provinciais.

VI.- A E.P. 7001 A Estrada - Forcarei é de dobre sentido de circulación. No treito de actuación do proxecto a estrada conta cunha plataforma de 7m de ancho, sen beirarrúas nin sendas que permitan a mobilidade peonil de forma segura e cómoda. Ademais, o estado de conservación da capa de rodaxe da calzada no treito de proxecto presenta agretamentos que poden afectar á durabilidade da vía e á seguridade viaria.

Debido a estas circunstancias, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7001 A ESTRADA - FORCAREI, DENDE O P.Q. 21+910 AO 22+726 (CONCELLO DE FORCAREI)", buscando dotar á zona de actuación dun itinerario peonil seguro e mellorar a seguridade viaria da estrada provincial.

A actuación prevese no treito da estrada comprendido entre os P.Q. 21+910 ao 22+726, sendo este, dun total de 816,00 metros de lonxitude, que discorre de xeito íntegro polo Concello de Forcarei.

As obras consisten na construción dunha senda pola marxe esquerda, executada en formigón coloreado cun ancho uniforme de 2,50 m, garantindo así a accesibilidade e a integración estética co contorno.



Así mesmo, procederase á mellora do sistema de drenaxe existente mediante a instalación de novos colectores soterrados para a adecuada condución das augas pluviais. Esta actuación complétase coa execución de sumidoiros e cunetas revestidas, co fin de optimizar a evacuación das escorras e evitar acumulacións de auga.

O proxecto inclúe tamén a dotación de iluminación pública na zona de actuación, mediante a instalación de novos puntos de luz, contribuíndo a mellorar a seguridade e funcionalidade do ámbito intervindo.

Por outra banda, levarase a cabo a reposición do firme existente, mediante o fresado previo da capa actual e a posterior extensión dunha nova capa de mestura bituminosa en quente, garantindo unhas condicións axeitadas.

Finalmente, procederase á reposición da sinalización horizontal, completando así as actuacións previstas e asegurando a correcta ordenación do tráfico e a seguridade viaria.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei para a execución do proxecto de obras de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7001 A ESTRADA - FORCAREI, DENDE O P.Q. 21+910 AO 22+726". O obxecto principal do proxecto é dotar á zona de actuación dun itinerario peonil seguro e mellorar a seguridade viaria da estrada provincial. Con ese fin se proxecta a construción dunha senda polo marxe esquerdo, executada en formigón coloreado cun ancho uniforme de 2,50 m, xunto coa mellora do sistema de drenaxe existente mediante a instalación de novos colectores soterrados e a execución de sumidoiros e cunetas revestidas. Dotarase á zona de actuación de iluminación pública mediante a instalación de novos puntos de luz, e procederase á reposición do firme existente, mediante o fresado previo da capa actual, a posterior extensión dunha nova capa de mestura bituminosa en quente xunto ca reposición final da sinalización horizontal.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe ó que se refire a presente actuación ascende a catrocentos setenta e dous mil trescentos vinte euros con trinta e cinco céntimos (472.320,35 €), máis noventa e nove mil cento



oitenta e sete euros con vinte e sete céntimos (99.187,27 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de cincocentos setenta e un mil cincocentos sete euros con sesenta e dous céntimos (571.507,62 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	457.206,10 €	80
Concello de Forcarei	114.301,52 €	20
TOTAL OBRAS	571.507,62 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2026.

A achega do Concello de Forcarei será de 114.301,52 € (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento do exercicio 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Máis Provincia 2026 Concellos, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a



unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Forcarei obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e o mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia o apartado 3 desta cláusula.*
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7001 A ESTRADA - FORCAREI, DENDE O P.Q. 21+910 AO 22+726”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*



Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Forcarei faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2027.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público.
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025 e 2026.



- *E demais normativa de obrigado cumprimento.*

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

4.37367.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS”. (EXpte.2026021949)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- Nas datas 23/03/2026 e 17/04/2026, con rexistro núm. WEB2026022484 e WEB2026033886), dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Bueu na que solicita unha subvención por importe de 185.639,63 euros con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais” (Expte.:2026021949), cun orzamento por importe de 240.621,51 euros. Así mesmo, o concello indica que solicitou unha subvención a entidades locais de Galicia para a prestación do servizo de socorrismo 2026 por importe de 30.000,00 €.



- O concello solicita o traspaso de 107.889,52 euros da liña 3-activación de emprego á liña 2.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Gastos de funcionamento do servizo de limpeza viaria e de praias	100.261,51 €	77.351,81 €
Gastos da prestación do servizo de socorrismo en praias	140.360,00 €	108.287,82 €
TOTAL	240.621,51 €	185.639,63 €

- Advertida desviación dun céntimo na solicitude inicial presentada, o Concello presenta en data 26/06/2026 con rexistro nº WEB2026053060, rectificación da cantidade solicitada, quedando os importes solicitados tal como segue:

	Orzamento	Subvención solicitada
Gastos de funcionamento do servizo de limpeza viaria e de praias	100.261,51 €	77.351,81 €
Gastos da prestación do servizo de socorrismo en praias	140.360,00 €	108.287,81 €
TOTAL	240.621,51 €	185.639,62 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 26/06/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- CONCEDER ao Concello de Bueu, CIF: P3600400J, a cantidade de 185.639,62 euros, con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais” (Expte.: 2026021949), cun orzamento por importe de 240.621,51 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm .4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Bueu, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

5.37368.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CANIZA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN ROSALÍA DE CASTRO E BUEIXOS”. (EXPTE.2026024859)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.



- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 27/03/2026 o Pleno da Corporación Provincial en sesión ordinaria, por acordo número 5.8616, aproba a concesión dunha subvención ao concello de A CANIZA que importa 682.000,00 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN ROSALÍA DE CASTRO E BUEIXOS” (exp: 2025072582) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, cun orzamento de 852.944,31 euros, sendo a achega municipal de 170.944,31 euros.
- En data 29/05/2026 por acordo plenario núm. 4.8657 autorízase un reformulado do proxecto debido a necesidade do concello de adaptar os prezos do proxecto aos prezos do mercado , quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento-€	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2025-€	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS-€	ACHEGA MUNICIPAL-€
1.041.779,48	682.000,00	0,00	359.779,48

- O orzamento de 1.041.779,48 euros contempla 1.011.015,23 euros de execución de obra, 4.235,00 euros de honorarios de redacción do proxecto e 18.059,25 euros de honorarios de dirección de obra e 8.470,00 de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
- En data 31/03/2026, mediante rexistro WEB2026026084, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de A CANIZA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 359.779,48 euros repartido en dúas anualidades, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2025 do investimento “MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN ROSALÍA DE CASTRO E BUEIXOS” (exp.: 2026024859), cuxo orzamento ascende a 1.041.779,48 euros.



Deste modo, o financiamento da petición do Concello de A CANIZA queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento-€	Subvención-€- Plan +Provincia 2026-2027	Plan / Programa-€
2026	1.041.779,48	50.429,84	682.000,00 (Plan Provincia Extraordinaria- PLAN EXTRA 2025)- exp: 2025072582
2027		309.349,64	

- Consta nos expedientes vinculados ao expediente 2026024859 o proxecto cos seguintes pronunciamentos favorables:
 - ✓ Ditame da Comisión de Expertos (10/03/2026).
 - ✓ Informe da Intervención Provincial (13/03/2026).
 - ✓ Ditame da Comisión Informativa de Cooperación (20/03/2026).
 - ✓ Autorización plenaria mediante acordo núm. 5.8616 (27/03/2026).
 - ✓ Autorización plenaria reformulado do proxecto Plan Extra 2025: 29/05/2026.

Ademais subliñar que o proxecto conta co informe favorable do persoal facultativo do servizo de cooperación de data 30/04/2026.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.
- Non obstante, a concesión queda condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación do investimento subvencionado a acta de trazado previo (acta de implantación), así como as correspondentes autorizacións sectoriais, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.
- Precisar que a subvención que se conceda rexeráse polas normas reguladoras do plan que se co-financia, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo mais restritivo.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación no seguinte expediente.
 - 2025072582 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152.
 - Exp.: 2025061321 Convocatoria subvencións de concorrência competitiva Plan Extra 2025.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes e ditames favorables vinculados ao expediente, o informe do xefe do servizo de



Cooperación, de data 03/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de A CANIZA, CIF: P3600900I, unha subvención por importe de 359.779,48 euros distribuída en dúas anualidades 2026 e 2027, co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria- PLAN EXTRA 2025, do investimento "MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN ROSALÍA DE CASTRO E BUEIXOS" (exp: 2026024859), cuxo orzamento ascende a 1.041.779,48 euros.

Anualidade-€	Orzamento-€	Subvención-€- Plan +Provincia 2026-2027	Plan / Programa-€
2026	1.041.779,48	50.429,84	682.000,00 (Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025)
2027		309.349,64	
TOTAL	1.041.779,48	359.779,48	682.000,00

- O orzamento de 1.041.779,48 euros contempla 1.011.015,23 euros de execución de obra, 4.235,00 euros de honorarios de redacción do proxecto e 18.059,25 euros de honorarios de dirección de obra e 8.470,00 de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as autorizacións sectoriais necesarias para a execución do investimento así como a acta de trazado previo (acta de implantación) debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial para o vixente exercicio na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo e para o que se emitiu o correspondente documento de retención de crédito. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- A subvención que se concede rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025 aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024), agás no referido aos prazos de execución e xustificación que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de A CANIZA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.37369.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORCAREI, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "REHABILITACIÓN SUPERFICIAL, REFORZO DE FIRME E ACTUACIÓNS DE MELLORA DA DRENAXE EN RÚAS E CAMIÑOS DE FILLOI, A PONTE, CHAMOSA, PARDESOA E TRASDOMONTE" (EXPT.2026027381)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2026, mediante rexistro WEB2026028058, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do Concello de Forcarei na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 410.448,74 euros, co obxecto do financiamento do investimento "Rehabilitación superficial, reforzo de firme e actuacións de mellora da drenaxe en rúas e camiños de Filloi, A Ponte, Chamosa, Pardesoa e Trasdamente" (Expte.2026027381), cun orzamento polo mesmo importe.

A solicitude de subvención contempla execución de obra por importe de 381.589,07 euros e honorarios técnicos por importe de 28.859,67 euros (12.826,52 euros de honorarios de redacción de proxecto, 12.826,52 euros de honorarios de dirección de obra e 3.206,63 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde).



Deste modo, a petición do Concello de Forcarei queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2026- 2027	Achegas doutros Plans ou programas	Fondos propios do Concello
2026	410.448,74 €	410.448,74 €	0,00 €	0,00 €

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico



ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 03/06/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 05/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Forcarei (P3601800J), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 410.448,74 euros, co obxecto do financiamento do investimento *"Rehabilitación superficial, reforzo de firme e actuacións de mellora da drenaxe en rúas e camiños de Filloí, A Ponte, Chamosa, Pardesoa e Trasdormonte"* (Expte.:2026027381), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN		ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	410.448,74 €	410.448,74 €		0,00 €	0,00 €

- O orzamento contempla execución de obra por importe de 381.589,07 euros e honorarios técnicos por importe de 28.859,67 euros (12.826,52 euros de redacción de proxecto, 12.826,52 euros de dirección de obra e 3.206,63 euros de coordinación de seguridade e saúde).
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada ás resolucións favorables da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, da Deputación de Pontevedra e da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como a aportación da resolución ou acordo de aprobación do proxecto, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 ([dispoñibles tamén http://sede.depo.gal](http://sede.depo.gal)) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Forcarei, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.37370.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MORAÑA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026-2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "HUMANIZACIÓN DA PARCELA CATASTRAL 5417107NH3151N0001PQ EN COSOIRADO". (EXPTE.2026025797)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 01/04/2026, mediante rexistro WEB2026027172, o Concello de Moraña presentou formalmente e en prazo, a través da sede electrónica desta Deputación, unha solicitude ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027. Nela solicita, con cargo a contía que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 323.781,81 euros (10.000,00 euros na anualidade 2026 e 313.781,81 euros na de 2027), para o financiamento do investimento de carácter bienal "Humanización da parcela catastral 5417107NH3151N0001PQ en Cosoirado" (Expte.:2026025797). O orzamento da actuación cífrase no mesmo importe.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª no seu punto 2-1º establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal ou plurianual onde os fondos do Plan + Provincia constitúen a súa principal fonte de financiamento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/05/2026, e do xefe



do servizo de Cooperación, de data 28/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Moraña (P3603200A), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1-investimentos (anualidades 2026 e 2027) unha subvención por importe de 323.781,81 euros, co obxecto do financiamento do investimento *"Humanización da parcela catastral 5417107NH3151N0001PQ en Cosoirado"* (Expte.:2026025797), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	10.000,00 €	10.000,00 €	0,00 €	0,00 €
2027	313.781,81 €	313.781,81 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	323.781,81 €	323.781,81 €	0,00 €	0,00 €

- A concesión da subvención queda condicionada a obtención da autorización da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como á aprobación do proxecto e a acta de trazado previo, documentación que deberá ser remitida xunta coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 (anualidade 2026) do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. A anualidade 2027 deberá estar executada a 31/12/2028 e xustificada a 31/05/2029. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Moraña, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.37371.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AS NEVES, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "HUMANIZACIÓN DO TORREIRO DO TORTOREOS". (EXPTE.2026023826)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, mediante rexistro WEB2026024906, o Concello das Neves formalizou en tempo e forma, a través da sede electrónica provincial, unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. Nela solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 99.843,33 euros, para o financiamento do investimento "HUMANIZACIÓN DO TORREIRO DE TORTOREOS" (expdte 2026023826). O orzamento total da actuación cífrase na mesma contía, desagregado do modo seguinte: 92.822,84 euros de obra civil, 3.121,80 euros de asistencia técnica á redacción do proxecto, 3.121,80 euros de dirección de obra e 776,89 euros en concepto de coordinación de seguridade e saúde.
- Revisada a documentación, despréndese que a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando coa validación técnica favorable do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do persoal facultativo técnico, de data 29/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello das NEVES, CIF: P3603400G, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 99.843,33 euros, con destino ao financiamento do investimento "HUMANIZACIÓN DO TORREIRO DE TORTOREOS" (expdte 2026023826). O orzamento total da actuación cífrase na mesma contía, desagregado do modo seguinte: 92.822,84 euros de obra civil, 3.121,80 euros de asistencia técnica á redacción do proxecto, 3.121,80 euros de dirección de obra e 776,89 euros en concepto de coordinación de seguridade e saúde.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue, xunto coa primeira xustificación da axuda económica, a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua



e Xuventude. Deberá achegar, así mesmo, a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado a 31/12/2027 e xustificado a 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Notificar o presente acordo ao concello das Neves e darlle traslado á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.37372.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE "PROGRAMACIÓN CULTURA 2026". (EXPTE. 2026027944)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 06/04/2026, con rexistro núm.WEB2026029207, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Ponteareas na que solicita unha subvención por importe de 95.188,03 euros con destino ao financiamento de "Programación Cultura 2026" (Expte.:2026027944), cun orzamento por importe de 95.188,03 euros.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:



	Orzamento	Subvención solicitada
Festival de Jazz Ponteareas	22.503,00 €	22.503,00 €
Ponteareas de Cine	9.013,56 €	9.013,56 €
Festival Groba	40.183,00 €	40.183,00 €
Festival Danzando entre Culturas	8.818,87 €	8.818,87 €
Bailotea	14.669,60 €	14.669,60 €
TOTAL	95.188,03 €	95.188,03 €

- Mediante escrito presentado en rexistro núm.WEB2026029211, de data 06/04/2026, o concello solicita o traspaso de 104.520,57 euros da liña 3-activación de emprego á liña 2.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 25/06/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- CONCEDER ao Concello de Ponteareas, NIF: P3604200J, a cantidade de 95.188,03 euros, con destino ao financiamento de *"Programación Cultural 2026"* (Expte.:2026027944), cun orzamento polo mesmo importe para o financiamento das seguintes actividades:

	Orzamento	Subvención
Festival de Jazz Ponteareas	22.503,00 €	22.503,00 €
Ponteareas de Cine	9.013,56 €	9.013,56 €
Festival Groba	40.183,00 €	40.183,00 €
Festival Danzando entre Culturas	8.818,87 €	8.818,87 €
Bailotea	14.669,60 €	14.669,60 €
TOTAL	95.188,03 €	95.188,03 €



- Autorizar e comprometer o gasto na vinculación xurídica da aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Ponteareas, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

10.37373.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "REFORZO DE FIRME EN VARIOS CAMIÑOS DO CONCELLO DE O ROSAL". (EXPTE.2026025495)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 31/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026026154), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello Do Rosal na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 198.732,37 euros, con destino ao financiamento "REFORZO DE FIRME EN VARIOS



CAMIÑOS DO CONCELLO DE O ROSAL”, cun orzamento por importe de 202.756,24 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	202.756,24	198.732,37	0,00	4.023,87

Consta no expediente o documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas, da Deputación de Pontevedra e de Patrimonio Cultural. Consta no expediente a autorización do servizo de Infraestruturas e Vías Provincias.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as



actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 02/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello De O ROSAL (P3604800G), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 198.732,37 euros, co obxecto do financiamento do investimento "REFORZO DE FIRME EN VARIOS CAMIÑOS DO CONCELLO DE O ROSAL" (exp.2026025495), cuxo orzamento ascende a 202.756,24 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	202.756,24€	198.732,37€	0,00€	4.023,87€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Para a realización do presente investimento, o concello precisa tal e como, se recolle na documentación achega da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en materia de Patrimonio Cultural, que xa foron solicitadas. Polo que, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación do investimento subvencionado as devanditas autorizacións sectoriais, así como o decreto (ou o acordo) de aprobación do proxecto e acta de implantación (anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de O ROSAL, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.37374.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "OBRAS DE URBANIZACIÓN DE TERREOS A CEDER PARA INCORPORAR A VIAL PÚBLICO EN FONTECARMOA". (EXPTE.2026005057)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 29/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026005488), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de VILAGARCÍA DE AROUSA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 392.980,61 euros, con destino ao financiamento "OBRAS DE URBANIZACIÓN DE TERREOS A CEDER PARA INCORPORAR A VIAL PÚBLICO EN FONTECARMOA", cun orzamento por importe de 392.980,61 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	392.980,61	392.980,61	0,00	0,00

En datas posteriores, o concello emenda e completa a documentación achegada.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar así como acordo de cesión dos terreos precisos para levar a cabo a execución da actuación; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Consellería de Medio Ambiente e de Patrimonio Cultural.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de datas 24/04/2026 e 19/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 24/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/06/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA (P3606000B), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 392.980,61 euros, co obxecto do financiamento do investimento "OBRAS DE URBANIZACIÓN DE TERREOS A



CEDER PARA INCORPORAR A VIAL PÚBLICO EN FONTECARMOA" (exp.2026005057), cuxo orzamento ascende a 392.980,61 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	392.980,61€	392.980,61€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial de Augas Galicia e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en materia de patrimonio cultural.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.37375.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CÁTERING DO PROGRAMA +CONVIVIR 2026-2027. (EXPTE. 2026029043)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de maio de 2026, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do "Servizo de cátering do programa +CONVIVIR 2026-2027", concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 29 de maio



de 2026. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 18 de xuño de 2026, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 25 de xuño de 2026, acordou clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor do empresario ÓSCAR RIVAS VINSEIRO (CIF: 44090900S), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número RP2026005320, de 25/06/2026 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ao empresario ÓSCAR RIVAS VINSEIRO (CIF: 44090900S), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

O empresario ÓSCAR RIVAS VINSEIRO (CIF: 44090900S) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2026054406, de data 01/07/2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 10.782,00€ (carta de pago núm. operación 12026000133626, do 01/07/2026).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de servizo de *"Cátering do programa +CONVIVIR 2026-2027"* ao empresario ÓSCAR RIVAS VINSEIRO (CIF: 44090900S) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

1. Prezo ofertado (para as 36 xornadas):

Importe sen o IVE*:	210.249,00 €
IVE (10 %):	21.024,90 €
Importe total ofertado:	231.273,90 €

2. Mellora de medios humanos adscritos ao servizo: Ratio de 1 camareiro por cada 40 asistentes.

3. Mellora do menú mínimo esixido:

- Produtos adicionais de gastronomía local non incluídos no mínimo esixido (indicar número e cales):
 - o Cantidade: 5
 - o Nome dos produtos: XAMÓN AO CORTE, BOCADO DE XARRETE, CUCHARETA DE MEXILÓN Á VINAGRETA, LACÓN Á GALEGA E CHOURICIÑOS AO INFERNO.
- Inclusión doces galegos variados: SI
- Inclusión de opcións específicas para dietas especiais (mínimo: vegana, sen gluten): SI

4. Compromiso de aplicar un sistema de control de calidade na xestión da seguridade e inocuidade alimentaria (Etiqueta UNE-EN ISO 22000 e/ou Certificación FSSC 22000): SI

O prazo de duración abranguerá dende o día 01 de setembro de 2026, ou data de formalización no caso de ser posterior, ata o 31 de marzo de 2027.



A calendarización estimada abrangue desde o mes de setembro de 2026 ata marzo de 2027, coas seguintes especificidades:

- Os eventos terán lugar unicamente nos días xoves, venres, sábado ou domingo (sempre de tarde, e incluídos festivos) dos seguintes meses:
 - o Setembro
 - o Outubro
 - o Novembro
 - o Decembro
 - o Xaneiro
 - o Febreiro
 - o Marzo
- A data concreta deberá comunicarse pola administración cun mínimo de quince días naturais de antelación á prestación de cada servizo.
- Todos os actos serán en horario de tarde (salvo circunstancias debidamente motivadas que deberán comunicarse cun mínimo de quince días de antelación á prestación de cada servizo).
- Estímase que os asistentes comezarán a chegar en torno ás 16:00h coa idea de iniciar os actos ás 16:30h.
- O catering terá lugar ao final de cada evento, cun horario estimado comprendido entre as 19:30 horas ata fin do evento sobre as 23:00 horas.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	942.4590.227.99*	122.061,23 €
2027	942.4590.227.99*	109.212,67 €

*Proxecto de gasto 26_0008 (Programa +CONVIVIR 2026).

En todo caso, o importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

Forma de pagamento: PARCIAL



Fitos de facturación:

A empresa adxudicataria, unha vez rematada cada xornada, deberá presentar a correspondente factura individual nun prazo de 30 días, cuxo importe total deberá ser, como máximo, de 1/36 do importe total de adxudicación.

Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación da(s) correspondente(s) factura(s), polos caterings efectivamente realizados, debendo de sinalar na factura o lugar e data da xornada.

O orzamento indicado é máximo, así como o importe de adxudicación resultante, polo que a cantidade final destinada a sufragar as prestacións obxecto do contrato estará condicionada ás distintas prestacións realizadas derivadas das necesidades reais da Deputación de Pontevedra, sen que quede obrigada a esgotar o citado orzamento e/ou importe de adxudicación resultante.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026029043	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Responsable do contrato: Marcos Areán González, xefe do servizo de Cooperación; ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

13.37376.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO CENTRO DE ATENCIÓN AS PERSONAS USUARIAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2026004846)

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 8 de maio de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo do centro de atención as persoas usuarias da Deputación de Pontevedra.

Resultando que o procedemento convocouse mediante anuncio de licitación que foi enviado para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea con data 8 de maio de 2026 e no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 10 de maio de 2026. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento. Resultando que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 11 de xuño de 2026, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, sendo admitidas as seguintes empresas:

- Balidea Consulting & Programming SL (CIF B15850647).
- SM Tecnología SLU (CIF B70348990).
- Técnicos Asociados Informática SAU (CIF A79054748) .

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron



admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Resultando que, con data 16/06/2026 a Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías .emite informe de valoración (CSV: HIACZ66RH41ZIQB9).

Resultando que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 18/06/2026 presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas. Os valores ofertados constan no certificado da mesa de contratación con CSV: EWEWC30G0D2SGVZA .

Unha vez efectuada a valoración dos criterios automáticos do sobre C de conformidade co previsto no prego de cláusulas económico-administrativas as puntuacións, as puntuacións totais acadadas segundo constan no informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación, con CSV (T3WI3MY269M22GJF) son as seguintes:

PUNTUACIÓN	Máximo	TECNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA	SM TECNOLOGÍA SLU	BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING
Puntuacion sobre B	25	18,00	23,50	22,00
Prezo total ofertado	30	7,329	0	4,876
Características dos perfiles propostos a maiores do mínimo esixido	30	30,00	30,00	30,00
Ampliación acordos nivel servizo	15,00	15,00	15,00	15,00
TOTAL (B+C)	100	70,329	68,5	71,876

Resultando que a Mesa de contratación na sesión celebrada o día 19/06/2026 acorda aprobar a clasificación das ofertas e en base a mesma propón ó órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, a empresa BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING SL(CIF B15850647) polos prezos e valores ofertados.



Resultando que o persoal técnico do servizo de Contratación, , con data 19/06/2026, comproba que a empresa Balidea Consulting & Programming SL (CIF B15850647) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 1.779, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial así como a non concorrencia de prohibicións de contratar.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial número 2026005253, de 23-06-2026 o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require á empresa BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING SL. (CIF B15850647), para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando que a empresa BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING SL. (CIF B15850647), presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2026054651, de data 01-07-2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 19.307,91 € (carta de pago núm. operación 12026000133643, do 02/07/2026).

Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á



Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato para a prestación do servizo do centro de atención as persoas usuarias da Deputación de Pontevedra á empresa Balidea Consulting & Programming SL (CIF B15850647) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1.-Prezo total ofertado para dous anos de duración do contrato:

Importe sen o IVE: 386.158,20 €.

IVE (21 %): 81.093,22 €.

Importe total ofertado: 467.251,42 €.

2.- Características dos perfís propostos, por encima do mínimo esixido:

<i>Características da persoa proposta como coordinador/a</i>	
A persoa proposta como coordinador/a dispón de titulación universitaria de grado, diplomatura ou licenciatura asociada a informática ou telecomunicacións	SI ☒ NON ☐
A persoa proposta como coordinador dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de proxectos ou completamente equivalente en contidos e coñecementos: -PMP (Project Management Professional) -Prince2 -SCRUM Foundation	SI ☒ NON ☐
Nº semestres de experiencia demostrable en postos de coordinación de CAU a maiores dos <u>4 anos establecidos como mínimos</u>	4 semestres a maiores

<i>Características da persoa proposta como OPERADOR RECURSO 1</i>	
A persoa proposta como coordinador dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de servizos ou completamente equivalente en contidos e coñecementos: -ITIL V3 O ITIL V4 -ITIL Expert -ITIL Foundations Certificate	SI ☒ NON ☐
Nº anos de experiencia demostrable en postos de operador de CAU a maiores dos <u>4 anos establecidos como mínimos</u>	5 anos a maiores



<i>Características da persoa proposta como OPERADO RECURSO 2</i>	
<i>A persoa proposta como coordinador dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de servizos ou completamente equivalente en contidos e coñecementos:</i> -ITIL V3 O ITIL V4 -ITIL Expert -ITIL Foundations Certificate	SI ☒ NON ☐
<i>Nº anos de experiencia demostrable en postos de operador de CAU a maiores dos <u>4 anos establecidos como mínimos</u></i>	<i>5 anos a maiores</i>

<i>Características da persoa proposta como OPERADO RECURSO 3</i>	
<i>A persoa proposta como coordinador dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de servizos ou completamente equivalente en contidos e coñecementos:</i> -ITIL V3 O ITIL V4 -ITIL Expert -ITIL Foundations Certificate	SI ☒ NON ☐
<i>Nº anos de experiencia demostrable en postos de operador de CAU a maiores dos <u>4 anos establecidos como mínimos</u></i>	<i>5 anos a maiores</i>

<i>Características da persoa proposta como OPERADO RECURSO 4</i>	
<i>A persoa proposta como coordinador dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de servizos ou completamente equivalente en contidos e coñecementos:</i> -ITIL V3 O ITIL V4 -ITIL Expert -ITIL Foundations Certificate	SI ☒ NON ☐
<i>Nº anos de experiencia demostrable en postos de operador de CAU a maiores dos <u>4 anos establecidos como mínimos</u></i>	<i>5 anos a maiores</i>



3.- Ampliación dos acordos de nivel de servizo.

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGUNDO CRITICIDADE DA INCIDENCIA					
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS en (24X7X365)	☒	-----	-----	-----
ALTA	12 HORAS (DESDE a súa APERTURA)	-----	☒	-----	-----
MEDIA	24 HORAS DESDE a súa APERTURA	-----	-----	☒	-----
BAIXA	48 HORAS DESDE a súa APERTURA	-----	-----	-----	☒

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026 (5 meses)	26/926.9260.227.06	97.344,05 €
2027	27/926.9260. 227.06	233.625,71 €
2028 (7 meses)	28/926.9260. 227.06	136.281,66 €
TOTAL		467.251,42 €

Os importes correspondentes aos exercicios 2027 e 2028 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente. A distribución da financiación entre anualidade poderá sufrir variacións en función da data de acta de inicio da prestación.

Forma de pagamento:

O pago do contrato efectuarase cunha periodicidade mensual, iniciándose os pagos unha vez finalizado o período do posta en marcha fixado para o contrato (máximo de 2 meses) e sempre tras a sinatura da correspondente acta de inicio da prestación.



Presentarase unha única factura mensual que incluírá todos os servizos detallados no prego de prescricións técnicas por un importe fixo mensual proporcional ao importe total de adxudicación do contrato. (Prezo de adxudicación/24 meses).

O prezo abonarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026004846	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A xefa do servizo de Novas Tecnoloxías.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



14.37377.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VISITAS TEATRALIZADAS PARA O CASTELO DE SOUTOMAIOR E DO CASTELO DE SOBROSO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2025073243)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 17 de abril de 2026, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “servizo de visitas teatralizadas para o castelo de Soutomaior e do castelo de Sobroso da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14 de maio de 2026 procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e, a continuación, á apertura dos sobres “B”, correspondentes á proposta avaliable mediante xuízos de valor, resultando admitidas as seguintes empresas:

- Escénate, S.L. (CIF: B-82901562)
- Troula Animación, S.L.(CIF: B-36940690)

Resultando.- Que a continuación, a Mesa de Contratación, acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B”, presentada polas referidas empresas ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas, ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Resultando.- Que a responsable do servizo de Turismo Rías Baixas, con data 15 de xuño de 2026, emitiu informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, co CSV: DN9NILQYLVP4GWBV.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 18 de xuño de 2026, acordou a exclusión da empresa Troula Animación, S.L.(CIF: B36940690), por ter incluído a súa oferta económica no arquivo da oferta técnica; prestou conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa admitida, Escénate, S.L. (CIF: B82901562); e procedeu á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas. Os valores ofertados constan no certificado da Mesa de Contratación con CSV: 8T7ME0LLUXHGS7F.

Resultando.- Que en base ao exposto, a Mesa de Contratación na sesión do día 25 de xuño de 2026, procedeu á exclusión da empresa Troula Animación, S.L. (CIF: B36940690), por ter incluído a súa oferta económica no arquivo da oferta técnica; aprobou a clasificación das ofertas por orde decrecente de puntuación; e, en base á dita clasificación, propuxo ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Escénate, S.L. (CIF: B-82901562) polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 25 de xuño de 2026, comprobou que a empresa Escénate, S.L. (CIF: B-82901562) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, que a mesma atópase debidamente constituída, así como as demais circunstancias inscritas e a non concorrencia de prohibicións de contratar.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número RP2026005326, de data 25 de xuño de 2026, o órgano de contratación aceptou a proposta da Mesa de Contratación e requiriu á empresa Escénate, S.L. (CIF: B-82901562), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



Resultando.- Que a empresa Escénate, S.L. (CIF: B82901562) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (registro entrada nº WEB2026054705 e WEB2026054709, de data 01 de xullo de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 3.641,91 € (carta de pago núm. operación 12026000134097, do 02 de xullo de 2026).

Considerando.- O disposto nos artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir á empresa Troula Animación, S.L. (CIF: B-36940690) do procedemento, por ter incluído a súa oferta económica no arquivo da oferta técnica, que supón o incumprimento do disposto na cláusula 7 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

2.- Adxudicar o contrato do *servizo de visitas teatralizadas para o castelo de Soutomaior e do castelo de Sobroso da Deputación de Pontevedra* á empresa Escénate, S.L. (CIF: B82901562) polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

o Prezo ofertado:

Prezo total ofertado, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado, IVE engadido
65.554,36 €	13.766,41 €	79.320,77 €



Os prezos unitarios ofertados, resultantes de aplicarles a porcentaxe de baixada ofertada polo adxudicatario aos prezos unitarios de licitación, son os seguintes:

Concepto	Unidades máximas estimadas	Pozo unitario de licitación (sen IVE)
Visitas teatralizadas castelo Soutomaior	44	1.213,97 €
Visitas teatralizadas castelo Sobroso	10	1.213,97 €

○ Formación específica das actrices ou actores

Formación específica das actrices ou actores	Número de acreditacións
Titulación de ciclo formativo de grao superior de formación profesional ou equivalente ou homologado previamente pola autoridade competente na materia: Técnico superior en guía, información e asistencia turísticas ou equivalente ou homologado.	1
Titulación universitaria en Grado ou Diplomatura ou equivalente ou homologado previamente pola autoridade competente na materia: Grao ou diploma en turismo ou equivalente homologado, Licenciatura ou Grao en Historia, ensinanzas artísticas superiores de arte dramático ou similares*.	6
Máster oficial universitario ou equivalente ou homologado previamente pola autoridade competente na materia relacionado con turismo, historia, ensinanzas artísticas de arte dramático ou similares*.	2

A duración do contrato será de (1) un ano, a contar desde a data de formalización do contrato. Os prazos de execución para a realización das visitas teatralizadas previstos, con carácter estimativo, son os seguintes:

- Outono (meses de outubro e novembro)
- Nadal (Decembro)

**De conformidade co sinalado no prego técnico, os períodos poden ser modificados, de xeito puntual, atendendo ás necesidades do servizo de Turismo Rías Baixas.*



Prevenise 3 prórrogas de un (1) ano de duración cada unha. No caso de aprobarse, o prazo de execución das prórrogas será fixado polo servizo de Turismo Rías Baixas, dentro dos mesmos períodos do ano considerados no contrato inicial.

Financiamento: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/433.3360.226.09 gastos en actividades culturais e deportivas ou na súa vinculación xurídica	64.631,74 €
2026	26/433.3363.226.09 gastos en actividades culturais e deportivas ou na súa vinculación xurídica	14.689,03 €

Forma de pagamento: PARCIAL

Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse mensualmente, contra a presentación da(s) correspondente factura(s), acompañada dun informe xustificativo dos servizos e traballos realizados, corroborado polo responsable do servizo de Turismo Rías Baixas e selado polo responsable da empresa. Debendo aportar, a entidade adxudicataria, coa última facturación a documentación contemplada no PPT.

O número de visitas contempladas no prego opera como máximo, debendo facturarse só polas actividades efectivamente realizadas, segundo as necesidades do servizo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025073243	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Amanda Sartier Saburido, técnica adscrita ao servizo de Turismo Rías Baixas ou persoa na que esta delegue.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

15.37378.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA ESPIRAL XESTIÓN CULTURAL, S.L., DO SERVIZO DE XESTIÓN DO CENTRO DE ACOLLIDA AO VISITANTE NO CASTELO DE SOUTOMAIOR. (EXPTE. 2023060062)

Resultando.- Que na sesión ordinaria do día 12 de xaneiro de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou a contratación do servizo de xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior á empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF B94054954), polos prezos e valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

Resultando.- Que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 21 de febreiro de 2024 e o prazo de duración é dun ano a contar desde a data sinalada no documento de formalización do contrato, sendo esta o 22 de febreiro de 2024, con posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha delas.

Resultando.- Que por acordo 20.34735 da Xunta de Goberno, de data 07 de febreiro do 2025, aprobouse a primeira prórroga do contrato.

Resultando.- Que mediante acordo 8.35860 da Xunta de Goberno, de data 12 de decembro do 2025, autorizouse a suspensión da execución do contrato desde o mes de decembro de 2025 e durante todo o período de execución de obras no Castelo de Soutomaior.



Resultando.- Que asinase acta de suspensión, con CSV: 32C0YCEF28MBRM2W, que fixa a data de inicio da mesma no 30 de decembro de 2025.

Así mesmo, asinase acta de reinicio, con CSV: 44RBE7BLGHXC3BKW, que establece o 06 de xullo de 2026 como data de reinicio do contrato.

Resultando.- Que, con data 22 de xuño de 2026, a responsable do servizo de Turismo Rías Baixas, como responsable do contrato, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 28 de agosto do 2026 ata o 27 de agosto do 2027.

Resultando.- Que se recibiu escrito de conformidade expresa coa prórroga da empresa ESPIRAL XESTION CULTURAL, S.L. (B94054954) en data 29/06/2026, co seguinte rexistro de entrada: REX_WEB2026053694.

Resultando.- Que, con data 30 de xuño do 2026, a Intervención emitiu informe, con CSV: KCUIOF6AGRCP5BNM, sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 02 de xullo do 2026 (CSV: ZLEGOMFBXOH00516), que conclúe o seguinte:

"En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de servizo de xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior por un ano, desde o 28 de agosto do 2026 ata o 27 de agosto do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 28 de agosto do 2026."

Considerando.- Que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que "A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes".

Considerando.- Que tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con



competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato para a prestación do servizo de xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior subscrito coa empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF B94054954), durante o período desde o 28 de agosto do 2026 ata o 27 de agosto do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	433.3360.227.99	65.340,00 €
2027	433.3360.227.99	130.680,00 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

16.37379.- ACEPTAR A DESISTENCIA PARCIAL DO CONCELLO DE POIO A SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1 - INVESTIMENTOS (BASE 30ª) DA ACTUACIÓN "NOVO BOMBEO E DEPÓSITO DE RETENCIÓN DA SECA E MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS " CON MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO INICIAL DE EXECUCIÓN DE OBRA POR ANUALIDADES. (EXPTE.2026007207)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Con data 13/06/2025, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 6.35336 concédese, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, ao concello de POIO unha subvención por importe de 63.519,48 € co



obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2025 do convenio asinado entre a entidade municipal e Augas de Galicia para a execución do investimento “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS” (exp: 2025004336).

- En data 17/03/2026 mediante resolución presidencial RP2026002240 acéptase a desistencia á subvención concedida de 63.519,48 € relativa a achega municipal do exercicio 2025 para a execución da actuación “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS”.
- No marco do Plan + Provincia 2026-2027 Liña 1 - Investimentos, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 6.36263 de data 20/03/2026, concedéuselle ao concello de POIO unha subvención por importe de 339.237,27 € para financiar a achega municipal dos exercicios 2026 e 2027, do investimento “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS (exp.: 2026007207), cun orzamento total de 3.127.004,16 €.

ANUALIDADE	ORZAMENTO-€	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2026-2027-€	AUGAS DE GALICIA-€
2026	2.325.409,28	269.561,41	2.055.847,87
2027	801.594,88	69.675,86	731.919,02
TOTAL	3.127.004,16	339.237,27	2.787.766,89

- Atendendo ao disposto na base 30ª das reguladoras, en data 06/04/2026, consta entrada na sede electrónica da Deputación (WEB2026028707), instancia do Concello de POIO na que manifesta a necesidade de desistir parcialmente a subvención concedida correspondente á anualidade 2026 por importe de 45.594,55 € do investimento salientado no paragrafo anterior debido a que o concello, con posterioridade á concesión da subvención, para adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras reaxustou as anualidades do convenio asinado entre a entidade municipal e Augas de Galicia, quedando configurado o seu orzamento de execución de obra e a súa financiación como se indica a continuación:

ANUALIDADE	IMPORTE-€	AUGAS-€	APORTACIÓN CONCELLO-€
2024	0,00	0,00	0,00
2025	0,00	0,00	0,00
2026	2.639.668,59	2.415.701,73	223.966,86
2027	844.124,53	735.423,11	108.701,42
TOTAL orzamento execución obra	3.483.793,12	3.151.124,84	332.668,28



- Neste contexto, dado que agora a achega municipal prevista para o exercicio 2026 é por un importe inferior á cantidade prevista inicialmente, o concello, solicita á Deputación de Pontevedra a desistencia parcial á subvención concedida da anualidade 2026 para financiar a actuación “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS” (exp.: 2026007207), por importe de 45.594,55 € (anualidade 2026), manténdose invariable a subvención concedida da anualidade do 2027 e que o importe que queda en dispoñible por mor da desistencia parcial se destine ao financiamento dunha nova actuación proposta polo concello “Mellora do firme na rúa Peirao de Covelo (Samieira)” (exp: 2026027376).
- Este reaxuste do convenio entre as dúas entidades implica tamén modificar a distribución por anualidades do seu orzamento inicial, polo que a financiación da actuación “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS ” queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO de execución-€	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2026- 2027-€	SUBVENCIÓN OUTRAS ADMINISTRACIÓNS (Augas de Galicia)-€	APORTACION CONCELLO-€
2026	2.639.668,59	223.966,86	2.415.701,73	0,00
2027	844.124,53	69.675,86	735.423,11	39.025,56
TOTAL	3.483.793,12	293.642,72	3.151.124,84	39.025,56

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Procedencia da desistencia

- Base 30ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar un cambio ou unha modificación do seu contido pola desistencia total ou parcial á finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo de realización do investimento.
- Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Polo súa banda os puntos 2, 3, 4,e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico



das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do Xefe do Servizo de Cooperación de data 01/07/2026, que conclúen favorablemente a tramitación do solicitado, e do informe favorable da Intervención Provincial de data 02/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- ACEPTAR a desistencia parcial de 45.594,55 € (anualidade 2026) solicitada e que o crédito comprometido no financiamento do investimento “NOVO BOMBEO E DEPÓSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS ” (exp: 2026007207) quede en dispoñible na aplicación orzamentaria 2026/942.9425.762.45, dentro do correspondente proxecto de gasto, para financiar unha nova actuación proposta polo concello.
- MODIFICAR o acordo de Xunta de Goberno núm. 6.36263 de data 20/03/2026 (corrección de erros Xunta de Goberno 30.37204 de data 29/05/2026) dado que a distribución por anualidades do orzamento de execución de obra do investimento “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS” (exp.: 2026007207), do concello de POIO, se ve afectada, quedando configurada a distribución por anualidades do orzamento de execución de obra e a súa financiación tal e como se indica na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO de execución de obra-€	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2026- 2027-€	SUBVENCIÓN OUTRAS ADMINISTRACIÓN (Augas de Galicia)-€	APORTACION CONCELLO-€
2026	2.639.668,59	223.966,86	2.415.701,73	0,00
2027	844.124,53	69.675,86	735.423,11	39.025,56
TOTAL	3.483.793,12	293.642,72	3.151.124,84	39.025,56

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O investimento subvencionado (anualidade 2027), deberá estar executado o 31/12/2028 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2029 O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado da presente resolución ao Concello de POIO, a Intervención, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.37380.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA LUX XPERIENCE, S.L. (B-05485081), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DUN PRODUTO MUSEOGRÁFICO Ó AIRE LIBRE, AO REDOR DA FESTA DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS, E SOPORTE E MANTEMENTO DO MESMO, NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 14 - PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO". (EXPTE. 2024017600). (DEVOGARÁN 2026010224)

Por acordo, número 18.35934, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 26 de decembro de 2025 (CSV.- NWJLO48XR5ANAIF4), acordouse, entre outros asuntos, o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de "Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do "CORPUS CHRISTI", de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de Sustentabilidade Turística en Destino". (Núm. Exp. 2024017600).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil LUX XPERIENCE, S.L. (B-05485081), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
LUX XPERIENCE, S.L. (B-05.485.081)	5.861,05€	12025000210826	07/11/2025

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación (CSV.- 6BDRM36YHCSXMT30), no cal sinala que "(...) Unha vez adxudicado definitivamente o contrato á empresa AMAZING UP - INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, S.L. (B98619281), o que procede é a devolución da garantía presentada inicialmente pola empresa LUX XPERIENCE, S.L. (B-05485081), ao considerar o órgano de contratación retirada a súa oferta, co fin de evitar futuras reclamacións, pola súa parte, dos intereses legais correspondentes no caso de non ser devolta xustificadamente. (...)".



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- MXC2JO6QEMNB7UTL), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil LUX XPERIENCE, S.L. (B-05.485.081), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A XUNTA DE GOBERNO, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato que regulou a obra de *"Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do "CORPUS CHRISTI", de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de Sustentabilidade Turística en Destino"* (Núm. Expte. 2024017600), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil LUX XPERIENCE, S.L. (B-05485081), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- o A constituída en metálico, por importe de cinco mil oitocentos sesenta e un euros con cinco céntimos (5.861,05 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 07/11/2025, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12025000210826.

18.37381.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FELTRERO DIVISIÓN ARTE, S.L. (B-37407004), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO ESPECÍFICO SDA CORRESPONDENTE A "TRANSPORTES DE OBRAS MUSEO (CATEGORÍA I): TRANSPORTE DE OBRAS E MONTAXE DA BIENAL DE PONTEVEDRA". (EXPTE. 2025025292)(DEVOGARÁN 2026041171)

Por acordo, número 20.35255, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 23 de maio de 2025 (CSV.- BQ5ZP5Z9Z2MBH2GL), acordouse, entre outros asuntos, o



procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos “*Servizos de transporte de obras de arte do Museo de Pontevedra*”. (Núm. Exp. 2025025292).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil **FELTRERO DIVISIÓN ARTE, S.L. (B-37407004)**, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
FELTRERO DIVISIÓN ARTE, S.L. (B-37.407.004)	22.440,00€	12025000127657	08/07/2025

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Museo de Pontevedra (CSV.- N5X5CYI5MSXZIGP4), no cal sinala que “(...)”.

CONCLUSIÓN

En consecuencia, cabe informar que, Feltroero División Arte S.L. (NIF: B37407004), adxudicataria do contrato específico SDA Transportes de obras Museo (Categoría I): Transporte de obras e Montaxe da Bienal de Pontevedra. – (Expte 2025025292), cumpriu satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada. (...)”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- T9I0CYVY8D5OI0T3), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil FELTRERO DIVISIÓN ARTE, S.L. (B-37.407.004), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.



A XUNTA DE GOBERNO, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato que regulou os “*Servizos de transporte de obras de arte do Museo de Pontevedra*” (Núm. Expte. 2025025292), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil FELTRERO DIVISIÓN ARTE, S.L. (B-37407004), por resultar adxudicataria de dito contrato, que foi a seguinte:

- o A constituída en metálico, por importe de vinte e dous mil catrocentos corenta euros (22.440,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 08/07/2025, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12025000127657.

19.37382.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA LIMPIEZAS CÍES, S.L. (B-36631935), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES "1 E 4", DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA". (EXPTE. 2022058149)(DEVOGARÁN 2026003591)

Por acordo, número 5.7413, adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 28 de febreiro de 2020 (CSV.- BWWENET0BY7MFSZP), acordouse, entre outros asuntos, o procedemento aberto convocado para a contratación do “*Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra*”. (Núm. Exp. 2018058000).

Para garantir a correcta execución dos lotes 1 e 4 deste contrato, a entidade mercantil LIMPIEZAS CÍES, S.L. (B-36319935), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas garantías definitivas polos importes equivalentes ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
LIMPIEZAS CÍES, S.L. (B-36.631.935)	1	55.000,00€	202000022203	04/02/2020
	4	8.880,00€	202000022205	04/02/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación (CSV.- 224TJYE3ORSOUWM5), no cal sinala que “(...) Finalizado o contrato referido obsérvase que os servizos beneficiarios deste contrato de servizo non comunicaron ningún vicio ou



defecto na súa realización, nin na calidade dos obxectos aos que fai referencia o contrato (...), polo que (...), o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións por parte dos adxudicatarios dos intereses legais correspondentes no caso de non ser devoltas xustificadamente. (...)”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- TLW57OZZ94O7P6SR), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil LIMPIEZAS CÍES, S.L. (B-36.631.935), dunhas garantías por eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A XUNTA DE GOBERNO, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación dos lotes 1 e 4 do contrato que regulou o “Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra” (Núm. Expte. 2018058000), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas presentadas pola entidade mercantil LIMPIEZAS CÍES, S.L. (B-36631935), por resultar adxudicataria de ditos lotes 1 e 4 do contrato de “Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra”, que foron as seguintes:

- o A constituída en metálico, por importe de cincuenta e cinco mil euros (55.000,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 04/02/2020, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030319.
- o A constituída en metálico, por importe de oito mil oitocentos euros (8.800,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 04/02/2020, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030320.



20.37383.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA DARLIM, S.L. (B-36612562), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO "LOTE 1", DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS E PRODUTOS DE DROGUERÍA, ASEO PERSOAL E LIMPEZA E PRODUTOS DE LAVADO INDUSTRIAL PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE". (EXPTE. 2018058000)(DEVOGARÁN 2026023248)

Por acordo, número 10.31447, adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria, de data 17 de marzo de 2023 (CSV.- Q2FTDVKYOLQ0DEUO), acordouse, entre outros asuntos, o procedemento aberto convocado para a contratación da *"Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra"*. (Núm. Exp. 2022058149).

Para garantir a correcta execución do lote 1 deste contrato, a entidade mercantil *DARLIM, S.L. (B-36612562)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación deste lote, do seguinte xeito:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
DARLIM, S.L. (B-36.612.562)	1	1.536,42€	2023000052049	09/03/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Centro Príncipe Felipe (CSV.- J1ZA9UNDJ9R52L1S), no cal sinala que "(...).

CONCLUSIÓN

En consecuencia, cabe informar que a empresa *DARLIM SL (NIF: B36612562)*, adxudicataria do contrato para a *"Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza de carácter non industrial para os servizos do Centro Príncipe Felipe"* – Lote 1, cumpriu satisfactoriamente co obxecto do mesmo, realizando a totalidade da prestación, executándose o contrato a satisfacción da Administración, e non existindo obrigas pendentes de cumprimento, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 7AEMLQ35ZUWSDWPM), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *DARLIM, S.L. (B-36.612.562)*, dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A XUNTA DE GOBERNO, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do lote 1, do contrato que regulou a *“Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra”* (Núm. Expte. 2022058149), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil DARLIM, S.L. (B-36612562), por resultar adxudicataria de dito lote, que foi a seguinte:

- o A constituída en metálico, por importe de mil cincocentos trinta e seis euros con corenta e dous céntimos (1.536,42 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 09/03/2023, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000033259 (Carta de pago número 202300052049).

21.37384.- APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DOTACIÓN ECONÓMICA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FINANCIAR BENS E SERVIZOS EN CAMPIONATOS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O AÑO 2026. (EXPT. 2026001535)

Antecedentes:

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2026, cunha dotación inicial de 220.000,00 €, prevéndose na súa base terceira a posibilidade de ampliar esta contía nas condicións establecidas na propia convocatoria.

Segundo. Consta no expediente informe-proposta do Servizo de Deportes no que se pon de manifesto que a dotación inicial da convocatoria atópase practicamente esgotada, existindo solicitudes pendentes de resolver e permanecendo aberto o prazo de presentación de solicitudes ata o 30 de novembro de 2026, polo que resulta necesario ampliar a dotación económica da convocatoria.



Así mesmo, consta incorporada ao expediente a correspondente dilixencia de conformidade da Intervención Provincial.

Fundamentos:

Primeiro.- Resultan de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as bases reguladoras da convocatoria.

Segundo.- De conformidade co disposto na base terceira das bases reguladoras, a contía destinada á convocatoria poderá incrementarse ata un máximo adicional de 220.000,00 €, ao abeiro do disposto no artigo 58.2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións e no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que exista crédito adecuado e suficiente. A ampliación da contía rexeráse polas mesmas bases reguladoras da convocatoria, sen necesidade dunha nova convocatoria, debendo publicarse o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Terceiro.- Corresponde á Xunta de Goberno a aprobación da ampliación da dotación económica da convocatoria, por ser o órgano que aprobou as bases reguladoras.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a ampliación da dotación económica da convocatoria de subvencións para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2026, incrementando a súa contía en 150.000,00 €, polo que a dotación total da convocatoria sería de 220.000,00 € na primeira convocatoria e incremento previsto en 150.000,00 €; con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.489.01 do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026.

Segundo. Dispoñer a publicación do correspondente anuncio de ampliación da contía da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na sede electrónica da Deputación, de conformidade co disposto na base terceira das bases reguladoras e na normativa de aplicación.



22.37385.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS-PUXEIROS DENDE O P.Q. 2+250 ATA O P.Q. 3+600 (CONCELLO DE MOS)". (EXPT.-2025041699)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo publico viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2601 Mos-Puxeiros, que transcorre integramente polo termo municipal de Mos.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)".



Resultando.- Que con data 29/11/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos, convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación e o Concello de Mos mediante a achega das seguintes cantidades:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.216.091,25 euros	80
Concello de Mos	304.022,81 euros	20
TOTAL OBRAS	1.520.114,06 euros	100

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira Dona Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, o proxecto de execución da obra “ Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos), cun orzamento base de licitación de o proxecto de 1.520.114,06 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: NHNPUNQB7DEYNFF.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/03/2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “ Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos), redactado pola enxeñeira Dona Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 1.520.114,06 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: NHNPUNQB7DEYNFF.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 24 de abril de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/005/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que o Director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 9 de xuño de 2026, emitiu un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	16,00	3,00	19,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	17,00	3,00	20,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 11 de xuño de 2026, en base ó informe do director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 9 de xuño de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos).

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	1.185.060,81 €	3,00%	36 MESES	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	1.255.915,72 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	1.156.542,98 €	3,00%	36 MESES	SI



De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001	
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,78	5,00	5,00	5,00	34,78
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	0,11	5,00	5,00	5,00	15,11
NAROM, S.L.	26,68	5,00	5,00	5,00	41,68

Resultando.- Que en función das puntuacións obtidas a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q.3+600 (Concello de Mos)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	19,00	41,68	60,68
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,00	34,78	53,78
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	15,11	35,11

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)" á empresa NAROM, S.L., (B36163418), por un importe de 1.399.417,00 € IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa, NAROM, S.L., (B36163418) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 2260) acreditando a tenor do reflectido



neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida NAROM, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 57.827,15 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 29/06/2026 con número de operación 12026000131586.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: "...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...".

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. o Lote 3 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)".

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse en informe que consta no expediente con CSV: 3UP5L2I344JZYD8G, á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (NIF: B36962314), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600", por un importe estimado de 9.537,04 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) FMN0696EHDUIFLJK no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2024066945, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000134378.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa NAROM, S.L., (B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)" de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	1.156.542,98 €
IVE (21%)	242.874,02 €
Importe Total.....	1.399.417,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de DEZ (10) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2024 e 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025041699.

2. Nomear directora de obra a Dona Andrea Otero Otero, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
3. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600" (Expte 2026016378), , por un importe de 9.537,04 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	7.881,85 €
IVE (21%)	1.655,19 €
Importe Total.....	9.537,04 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2026016378.



23.37386.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTE. 2026051216)

Vista a relación de operacións con número 2026051216 (CSV: O4YPLSBUYKBNG5KP), que contén 1 operación por un importe de 13,07 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	13,07 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	13,07 €

24.37387.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES. 2026050500, 2026052309)

a) Vista a relación de operacións con número 2026050500 (CSV: ODK4ZWNDNP57FP7B) que contén 2 operacións por un importe de 33.908,63 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	33.908,63 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	33.908,63 €



b) Vista a relación de operacións con número 2026052309 (CSV: N8QCJOTU0663K58G) que contén 4 operacións por un importe de 563,20 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	563,20 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	563,20 €

25.37388.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE AUGAS DE MONTE CASTELO, DO CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO. (EXPTE. 2025015682)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de “concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)”, a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).



Terceiro.- Á Comunidade de augas de Monte Castelo, do concello de Cangas de Morrazo con CIF G36535144, concedéronse 8.791,45 euros. Sen embargo, en data 29/05/2026 mediante rexistro WEB2026046434 renuncia formalmente á subvención concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobranante que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude



- e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluído o procedemento, agás que, persónandose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 29/05/2026, a Comunidade de augas de Monte Castelo, do concello de Cangas de Morrazo con CIF G36535144 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026046434) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e proponho:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de augas de Monte Castelo, do concello de Cangas de Morrazo con CIF G36535144, á subvención concedida de 8.791,45 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 8.791,45 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral



de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 10/06/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 16/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de augas de Monte Castelo, do concello de Cangas de Morrazo con CIF G36535144, á subvención concedida de 8.791,45 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 8.791,45 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.



26.37389.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE USUARIOS A AGOSTADA, DO CONCELLO DE MOAÑA. (EXPTE. 2025015222)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

"ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025)", publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de "concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)", a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).

Terceiro.- Á Comunidade de usuarios A Agostada, do concello de Moaña con CIF G94042744, concedéronse 9.568,22 euros. Sen embargo, en data 05/06/2026 mediante rexistro WEB2026048529 renuncia formalmente á subvención concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).



- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobranter que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.



Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluído o procedemento, agás que, persónandose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.



Con suxeición ao antedito, en data 05/06/2026, a Comunidade de usuarios A Agostada, do concello de Moaña con CIF G94042744 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026048529) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propono:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios A Agostada, do concello de Moaña con CIF G94042744, á subvención concedida de 9.568,22 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.568,22 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do servizo de Cooperación,

Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico



das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 05/06/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 17/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios A Agostada, do concello de Moaña con CIF G94042744, á subvención concedida de 9.568,22 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).
2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.568,22 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

27.37390.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE RIBADUMIA.(EXPTE. 2024083225)

Dada conta que con data de rexistro 19/12/2024 (rex. núm. WEB2024079209), o Concello de Ribadumia trasladou a esta Deputación -por acontecer os feitos nunha vía de titularidade provincial- instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D. José Ramón Rodríguez Pillado, por danos no seu vehículo, producidos ó adentrarse nunha balsa de auga sen sinalizar na estrada E.P. 9501, o día 10/10/2024, e que non foi cuantificada economicamente.

Resultando.- Que con data 24/01/2025, requiriuse ó interesado para que subsanara a instancia aportando documentación do vehículo e permiso de circulación, así como certificación feita pola aseguradora do citado vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado por este sinistro.

Resultando.- Que con data 07/02/2025, D. José Ramón Rodríguez Pillado remite a esta Deputación a documentación solicitada.

Resultando.- Que con data 11/02/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2 do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico



das Entidades Locais, solicitouse informe ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 10/03/2025 co seguinte contido:

Primeiro.- A estrada que comunica o club de piragüismo de Ribadumia coa gasoleira de Pontearnelas é a E.P. 9511 CABANELAS-PONTEARNELAS pertence á rede provincial de estradas.



A partir dos datos que se achegan, o accidente tivo lugar en torno ao punto quilométrico 0+620 desta estrada provincial.





Segundo.- Este servizo foi notificado ás 07:02 horas do 10 de outubro do ano 2024, por parte do 112-SOS GALICIA, por “sinalización estrada anegada”. A brigada de conservación e mantemento responsable acude ao lugar para atender a incidencia (achégase o parte de vías e obras).



Parte de Vías e Obras

Ano	2024	Parte	637	Finalizado
-----	------	-------	-----	------------

Datos Rexistro

Data	10/10/2024	07:02	Pereira
Comunica	112 - SOS GALICIA		
Incidencia	SINALIZACIÓN ESTRADA ANEGADA		
Concello	RIBADUMIA	Estrada	9302 - XII - Covas - Barrantes
Ubicación	E NA ESTRADA 9511 CABANELAS - PONTE ARNEL	K.M.	0.0
Brigada	Victor	Zona	Centro

Seguimento

Comunicado	10/10/2024	07:00	Pereira	Horas Normal	0	0
Finalizado	10/10/2024	09:30	Juan	Horas Extra	1	45
Notas						

Non se tivo coñecemento de ningún incidente previo nese lugar namentres se executaron as obras. Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso por tal motivo.

Terceiro.- Nas datas sinaladas, no tramo onde se produciu o accidente, estaban a realizarse as obras de canalización contempladas dentro do proxecto de: "MELLORA DO BOMBEO E COLECTOR DE CABANELAS. T.M. DE CAMBADOS E RIBADUMIA. (PONTEVEDRA)" promovido por AUGAS DE GALICIA e adxudicado á empresa PROYECON GALICIA, S.A. A autorización por parte deste organismo tivo primeiro o número de expediente 2023059166.



PROYECON GALICIA SA
Estrada ESTRADA PARQUE EMPRESARIAL P.DE AGUIAR
30 Nº: 30
Pereiro de Aguiar (Ourense) 32792

EXPEDIENTE: 2023059166	
CONCELLO: Ribadumia	
ESTRADA: 9511 CABANELAS - PONTEARNELAS	P.Q.:
TIPO OBRA: Cruzamentos e canalizacións	

1. AUTORIZACIÓN

O Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais informa de que se autoriza o solicitado, de acordo coas seguintes condicións:

Autorízase:

Obras de "MELLORA DO BOMBEO E COLECTOR DE CABANELAS. T.M. DE CAMBADOS E RIBADUMIA. (PONTEVEDRA)" que afectan ás estradas provinciais EP 9501 e EP 9511 e que consisten en dous cruzamento de calzada e unha canalización lonxitudinal por traos de ambas estradas.

As reposicións cumprirán o recollido no esbozo qu ese achega coa autorización ademais dos seguintes condicionantes:

- As conducións disporanse fóra da calzada da estrada, levando un trazado o máis alonxado que se poida de esta, con excepción do tramo de beirarrúa sinalado na documentación técnica que se achega coa solicitude.
- A xeratriz superior das conducións deberá quedar a unha profundidade mínima de 100 cm.
- As arquetas ou rexistros situaranse fóra da calzada e da beiravía da estrada. As tapas deberán ser de fundición dúctil clase D-400, e deberán quedar enrasadas coa superficie adxacente.
- As conducións a colocar deberán reunir as condicións precisas de resistencia para soportar as cargas que circulen na súa vertical.
- O enchido das gabias farase según as especificacións do PG-3, de modo que a súa capacidade portante no sexa inferior a do firme existente. Como material de recheo empregarase preferentemente saburra artificial.
- O pavimento reporase con formigón bituminoso en quente coa mesma estrutura ca do firme existente. Na reposición das capas granulares inferiores manteranse os mesmos espesores e tipoloxía de material que o existente sendo como mínimo 25 cm de macadam bituminoso sobre saburra artificial. Comprobarase a compactación da gabia antes da reposición da capa de rodadura.



• A superficie de capa de rodadura a repoñer será todo o ancho da beiravía afectada, no tramo de beirarrúa sinalado ata o borde da liña branca na condución lonxitudinal. No cruzamento de calzada, a superficie de capa de rodadura a repoñer será todo o ancho da estrada e nunha lonxitude de 5 m a cada lado da canalización. O espesor de formigón bituminoso na gabia será de 10 cm, aplicados en dúas capas.

• Realizarase a reposición da sinalización horizontal afectada según se indica na norma 8.2 - IC "Marcas Viales".

• A execución das obras, a súa conservación e mantemento, así como a subsanación dos posibles deterioros que estas poidan producir sobre a estrada provincial, será por conta do solicitante sen prexuízo de que as obras ou instalacións localizadas dentro do Dominio Público Viario da estrada poidan ser retiradas por necesidades do servizo público viario en canto a actuacións a realizar na estrada ou ben cando os elementos implantados deixen de reunir as características necesarias para o cumprimento da súa función.

• As obras executaranse de forma que produzan as menores perturbacións posibles á circulación, dispoñendo a oportuna sinalización, balizamento e defensa de acordo coa normativa vixente.

• A sinalización a empregar para os desvíos de tráfico durante a ocupación da vía pública será conforme á seguinte normativa:

a) *Instrucción 8.3-IC sobre señalización, balizamiento, defensa, limpieza y terminación de obras fijas fuera de poblado.*

b) *Manual de ejemplos de señalización de obras fijas. Dirección General de Carreteras, 1997.*

c) *Señalización móvil de obras. Dirección General de Carreteras, 1997.*

2. As reposicións definitivas faranse do seguinte xeito:

- Na calzada, nas beiravías ou nos aparcamentos: segundo o plano que se achega. A parte superior da canalización situarase a unha profundidade mínima dun (1) metro desde a rasante da calzada.
- Nas beirarrúas e nas bermas da estrada: nas mesmas condicións que tiñan antes da actuación.

3. Esta autorización entenderase outorgada en precario na parte que afecte a zona de dominio público. As autorizacións para realizar obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán revogarse unilateralmente polo órgano que as outorgase en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que fose realizar na estrada a Administración titular desta. A persoa solicitante quedará obrigada a retirar pola súa conta os elementos instalados. As autorizacións para realizar obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen aboarlle á persoa interesada calquera indemnización por razón dos danos e das perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola Administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e dos elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

4. A ou o titular da autorización responsabilizarase das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto da autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, a accesibilidade, a seguridade e a funcionalidade menoscabadas como consecuencia do seu uso.

5. Para executar a obra e comprobar a calidade dos materiais aplicarase o disposto no Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e portos (PG-3).

6. A apertura da gabia nos cruzamentos da calzada farase en dúas metades de sección transversal, de maneira que en ningún momento se interrompa o tráfico. Cando o firme da



estrada sexa de mestura bituminosa en quente, antes de abrir a gabia, cortaranse os bordos da capa de aglomerado cunha serra circular mecánica.

7. Nas dúas marxes da estrada construíranse pozos ou arquetas adecuadas ao tipo de condución, fóra da zona de dominio público ou, no caso de que o cruzamento se execute integramente nesta zona, fóra da calzada e das beiravías.

8. Durante a execución das obras tomaranse as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación, para o que se colocará a sinalización e o balizamento regulamentados na Instrución 8.3-IC sobre sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fóra de poboado (BOE núm. 224, de 18 de setembro de 1987). Calquera alteración ou corte de tráfico deberán autorizalo este organismo e a autoridade competente en xestión do tráfico (xefaturas provinciais de tráfico ou concellos, segundo o caso).

9. O prazo para realizar as obras non poderá exceder dun (1) ano desde a data da concesión desta autorización. Transcorrido este prazo sen finalizar a obra, a autorización entenderase caducada e perderanse os dereitos adquiridos.

10. Non poderán verterse á calzada, ás beiravías, aos foxos, aos desmontes ou aos terrapléns da estrada as augas das choivas ou calquera outro produto ou material procedente da construción autorizada. Tampouco se poderá deixar maquinaria nin almacenar ningunha clase de materiais nos terreos comprendidos na zona de dominio público da estrada.

11. En todo momento o pavimento da estrada manterase limpo de barro, terra e materiais estranhos. O terreo situado entre a obra e a estrada tamén deberá estar en correctas condicións de conservación e limpeza durante a obra; ao rematala, retiraranse todos os materiais sobrantes e os cascallos.

12. As obras executaranse baixo a inspección e a vixilancia do persoal deste servizo, que lle poderá esixir a presentación deste documento.

13. Serán por conta da ou do peticionario todos os gastos de reparación dos danos e das perdas que, como consecuencia das obras autorizadas, se poidan producir na zona de dominio público da estrada e dos seus terreos anexos, na zona de influencia, a terceiras persoas ou na súa propia actividade.

14. Esta autorización outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiras persoas.

15. De incumprirse calquera das condicións mencionadas, anularase esta autorización e incoarase o correspondente expediente sancionador.

16. A Administración outorga esta autorización a título precario, e poderá dala por caducada, sen dereito a ningunha reclamación cando o estime conveniente para o servizo público ou por descoidarse a boa conservación dos desaugadolros ou dos pavimentos. Nestes últimos casos, demoleran as obras e retiraranse os materiais por conta da ou do peticionario se este, nun prazo de oito (8) días, non fixese as reparacións indicadas, e terá que solicitar unha nova autorización no caso de que se requirise a súa reposición.

17. O outorgamento desta autorización non exime a ou o peticionario de obter as licenzas e os permisos regulamentarios correspondentes.

De acordo co disposto na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e do seu desenvolvemento regulamentario, e co informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais procede a autorización nas condicións impostas.

Contra esta resolución que lle pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse:

Un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a dítase, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao de recepción desta resolución (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Todo iso sen prexuízo da posibilidade de interpoñerse o recurso que se estime procedente.



CONCLUSIÓN:

Á vista do recollido nos parágrafos anteriores, estábanse incumprindo os condicionantes establecidos na autorización notificada para garantir a seguridade viaria do tramo.

M^a. Belén Pampín Camino

Enxeñeiro _____

Resultando.- Que con data 19/05/2025, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartado c), da Lei 39/2015, emprazouse a AUGAS DE GALICIA para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 05/06/2025 no que formula as seguintes alegacións:

Primeira.- Augas de Galicia adxudicou o 08.05.2023 o contrato de obra de Mellora do bombeo e colector de Cabanelas. Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa (Pontevedra), de clave OH.336.1160, a Proyecon Galicia, S.A.

A execución das obras dou comezo o 12.10.2023 e, unha vez rematadas, foron recibidas por Augas de Galicia o 21.11.2024.

Entre os días 8 e 24 de outubro 2024, Augas de Galicia estivo a realizar os traballos de reforma de estación elevadora de Cabanelas, situada no punto quilométrico 0+620 da estrada provincial EP 9511, actuacións que foron autorizadas pola Deputación Provincial de Pontevedra o 29.12.2023 (expediente 2023059166).

Para a levar a cabo as actuacións previstas neste bombeo, procedeuse polo persoal da contrata ao desvío do tráfico polo carril adxacente ao bombeo, situando os correspondentes conos de sinalización, así como á regulación de tráfico mediante semáforos, tal e como pode observarse na reportaxe fotográfica que se xunta.





Vista xeral do desvío



Detalle do punto de control de tráfico

Nestas dúas primeiras imaxes non se aprecia a existencia de ningunha balsa ou poza de auga na estrada nin impedimento ou dificultade algunha para a circulación dos vehículos, xa que o desvío efectúase polo carril situado no sentido contrario da mesma vía e cun ancho suficiente, que non é outro que o ancho do propio carril polo que habitualmente e en ausencia de obras circulan os vehículos en sentido contrario, para non ter que circular en zonas sen pavimentar, contando ademais este carril cun firme en boas condicións.

A única constancia que ten esta Dirección de obra da existencia dunha pequena balsa de auga na zona das obras é a que se mostra nas seguintes fotografías, nas que se observa unha pequena poza de auga situada na cuneta de terra existente e, polo tanto, fóra da zona pavimentada da estrada.



Detalle da formación dunha pequena balsa de auga na zona do sinistro



Sobre a orixe desta balsa de auga e sobre o suposto incumprimento polo contratista de Augas de Galicia do condicionado da autorización do 29.12.2023, transcrita no informe servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, debe sinalarse o seguinte:

- *A formación desta poza resulta totalmente allea e non deriva dos traballos de execución das obras de saneamento que se estaban a executar por Augas de Galicia neses días, polo que non se está incumprir a obriga prevista na autorización do 29.12.2023, de emenda de posibles deterioracións que poidan producirse sobre a estrada provincial. Neste sentido, debe terse en conta a elevada pluviosidade rexistrada na zona neses días concretos do mes de outubro de 2024.*
- *Ademais, como se aprecia nas imaxes, a poza sitúase na cuneta da estrada provincial, que estaba neses días a drenar as augas derivadas das fortes chuvias caídas, non sendo responsable Augas de Galicia nin a súa contrata do mantemento, conservación e limpeza dos elementos adxacentes á dita estrada provincial, obriga que tampouco vén imposta no condicionado da autorización outorgada.*
- *As condicións relativas a que a obras se executasen de forma que ocasionasen as menores perturbacións posibles á circulación, dispoñendo a oportuna sinalización, balizamento e defensa, así como a necesaria toma das precaucións para garantir a seguridade da circulación foron cumpridas escrupulosamente polo contratista de Augas de Galicia.*

Neste sentido, tal e como xa te exposto e se acredita mediante a reportaxe fotográfica, no marco da execución das obras do bombeo, o persoal da contrata dispuxo o desvío do tráfico polo carril adxacente ao bombeo mediante conos de sinalización e o tráfico foi regulado mediante un semáforo provisional. O desvío efectuouse polo carril situado no sentido contrario da mesma vía, que conta cun ancho suficiente (o ancho do propio carril polo que habitualmente e en ausencia de obras circulan os vehículos en sentido contrario), para non ter que circular en zonas sen pavimentar, contando ademais este carril cun firme en boas condicións.

Do exposto non pode concluírse sen máis que Augas de Galicia ou a súa contrata estivese a incumprir o condicionado da autorización do 29.12.2023 outorgada no marco da execución das obras de saneamento, tal e como se afirma no informe do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais do 10.03.2025, do que se da traslado.

Segunda.- Polo que se refire ao aviso que a Deputación Provincial de Pontevedra di ter recibido ás 7:02 horas do 10.10.2024, procedente de 112-SOS Galicia, por "sinalización de



estrada anegada", acudindo os servizos da propia Deputación, en concreto, a brigada de conservación e mantemento responsable, ao lugar dos feitos, a solucionar a dita incidencia e quedando resolta a mesma, segundo se informa, o mesmo día 10.10.2024 ás 9:30 horas, debe sinalarse que, en calquera caso, esta incidencia non garda relación coa execución das obras de saneamento que estaba a realizar Augas de Galicia na zona, non correspondendo a esta entidade pública actuar en estradas de titularidade e xestión provincial, neste caso a efectos de sinalización, nos casos nos que esta sexa precisa debido a asolagamentos provocados por situacións climatolóxicas adversas ou por calquera outra circunstancia.

Ningunha mención a estas situacións se contén tampouco na autorización do 29.12.2023 outorgada pola Deputación no marco da execución das obras de saneamento.

CONCLUSIÓNS

Á vista do exposto conclúese que:

1º A sinalización do desvío mediante conos e a regulación da circulación mediante a instalación do semáforo provisional por obras na calzada efectuada polo contratista de Augas de Galicia no marco da execución das obras de saneamento foron adecuados e suficientes.

O deseño do desvío foi igualmente correcto, xa que o tráfico foi reconducido pola totalidade do carril contrario, que conta cun ancho suficiente (o do propio carril onde habitualmente circulan os vehículos nun escenario de ausencia de obras), para circular con normalidade, sen que fose preciso circular ou adentrarse na cuneta nunha zona sen pavimentar ou adentrarse nela.

Polo tanto, respectouse en todo momento polo contratista de Augas de Galicia, o condicionado da autorización do 29.12.2023 outorgada no marco da execución das obras, sen que se producira incumprimento algún.

2º En calquera caso, a existencia desta cuneta de terra vexetal é un elemento inherente á propia estrada e non precisa de sinalización algunha derivada da execución das obras xa que, segundo o exposto, era perfectamente posible circular con normalidade polo carril contrario polo que estaba desviado o tráfico aquel día.



3º Nin a contrata nin Augas de Galicia ostentan competencias en materia de mantemento e limpeza de cunetas nas estradas de titularidade provincial. Esta obriga non está recollida tampouco no condicionado da autorización outorgada.

4º Nin a contrata nin Augas de Galicia son responsables para actuar en estradas de titularidade e xestión provincial, neste caso a efectos de sinalización, nos casos nos que esta sexa precisa debido a asolagamentos provocados por situacións climatolóxicas adversas ou por calquera outra circunstancia. Que o aviso de 112-SOS Galicia fose recibido pola propia Deputación e que fosen os seus servizos os que acudisen a resolvela reforzan esta afirmación. Tampouco estas obrigas poden deducirse da autorización do 29.12.2023.

5º Non existe, en definitiva, unha relación de causalidade entre a actuación do contratista de Augas de Galicia ou desta entidade pública empresarial e os danos reclamados polo interesado.

A Dirección de obra

Jean Pierre Blanco

Menéndez_____

Resultando.- Que con data 19/05/2025, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartado c), da Lei 39/2015, emprazouse a PROYECON GALICIA, S.A. para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, constando no expediente o acceso ó contido da notificación electrónica por Xermán Alberte Soto Fernández (Documento ***8329**), na mesma data, o 19/05/2025.

Resultando.- Que con data 18/06/2025 reiterouse o emprazamento a Proyecon Galicia, S.A., constando, asemade, o acceso nesa mesma data ó contido da notificación por Xermán Alberte Soto Fernández (Documento ****8329**), sen que se tivera recibido nesta Deputación resposta ningunha ó citado emprazamento.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2025005142, de data 17/06/2025, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento ó corresponder, naquel intre, a reiteración a Proyecon Galicia, S.A. do emprazamento para que puidera alegar o que ó seu interese conviñera, non sendo factible a resolución do procedemento no prazo establecido.



Resultando.- Que con data 01/07/2026 solicitouse informe complementario ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, acerca do tempo aproximado que tardou a brigada en chegar ó lugar para a súa sinalización, remitindo o mesmo na data 06/07/2026 co seguinte contido:

“Segundo o capataz responsable da conservación da estrada provincial que acudiu a cubrir o incidente, o tempo de resposta da brigada estímase en 20 minutos aproximadamente”.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman, xa que os mesmos teñen a súa orixe no comportamento exclusivo do condutor do vehículo, que se atopa no seu percorrido cunha enorme balsa de auga e decide continuar coa súa traxectoria, adentrándose nela, o que impide a declaración de responsabilidade que se pretende respecto da Administración Pública, non podendo imputárselle a esta a responsabilidade pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que no atestado aportado xunto coa instancia, recóllese a declaración realizada polo accidentado perante a Garda Civil, na que manifesta que *circulando por la carretera parcelaria de Oubiña (la paralela al río de Cabanelas a Pontearnelas) (...) continuó la marcha una vez que el semáforo se puso en verde y pocos metros más adelante la carretera hace una especie de vaguada, encontrando una gran balsa de agua, como consecuencia del desbordamiento del río Umia (...) se vio de repente metido con su vehículo en medio de la inundación (...)*; relato que indica que o reclamante, ante a presenza da gran balsa de auga provocada polo desbordamento do río Umia, en lugar de dar volta ou deter o vehículo, continuou coa marcha, adentrándose na mesma, o que induce a pensar nunha actitude arriscada pola súa parte, xa que de ter adecuado a condución ás circunstancias esixidas pola vía, os danos poderían terse evitados; o que fai descansar a responsabilidade no condutor do vehículo. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo conductor*



está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A ELLAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: “1. Se circulará a velocidade moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:

g) (...) Cuando pueda salpicarse o proyectarse agua (...) a los demás usuarios de la vía.

Considerando.- Que o artigo 132.1 do R.d. 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación establece o seguinte:

“...Todos los usuarios de las vías objeto de la Ley están obligados a obedecer las señales de la circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”.

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”.

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 “...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”.

Artigo 18.1: “...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. en supostos similares, fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na limpeza da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada



ou aviso para a súa limpeza, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada que acudiu a cubrir o incidente tardou, aproximadamente, 20 minutos en chegar ó lugar, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG de 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que non se produciron mais incidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que, de ser o caso, cuestión que esta Deputación non prexulga, podería esixirse a responsabilidade no eido da xurisdición civil á empresa contratista que estaba a executar as obras, pois tal e como se recolle no informe do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, *“Durante a execución das obras tomaranse a as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación, para o que se colocará a sinalización e o balizamento regulamentados na instrución 8.3-IC sobre sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación das obras fixas fóra de poboado (...)*

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



28.37391.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE A ESTRADA. (EXPTE. 2026010229)

Dada conta que con data de rexistro 23/02/2026 (rex. núm. 2026003116), a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia trasladou a esta Deputación –por tratarse dunha vía de titularidade provincial– reclamación de responsabilidade patrimonial subscrita por D. Leopoldo Álvarez Primo, por danos en motocicleta producidos en accidente de circulación que tivo lugar a consecuencia da irrupción dun xabaril na estrada provincial E.P. 7016, no Concello de A Estrada, o día 26/06/2025, e que cuantificou economicamente en 3.372,38 euros.

Resultando.- Que con data 07/05/2026, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 21/05/2026, co seguinte contido literal:

- a) A estrada EP-7016 A Estrada-Vinseiro-As Casetas é unha estrada convencional, titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, e de acordo co artigo 4 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, este tipo de estradas non están valadas nos seus marxes, polo que neste tipo de estradas non é posible garantir o impedimento do paso de animais soltos.*
- b) O 112 non dou aviso ó teléfono dos vixiantes do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra informando do accidente (que é o sistema habitual de comunicación de incidencias nas estradas provincias da Deputación), polo que a Brigada responsable da zona non puido ter coñecemento do accidente ocorrido.*

En toda a estrada EP-7016, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 17+153, cunha lonxitude total de 17.153 metros, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais ten rexistrado na aplicación informática de atención a emerxencias na rede viaria provincial, 1 único accidente con animais salvaxes, o 14/12/2022 no P.Q. 7+000 entre o período comprendido do 01/01/2022 ata a data actual.

- c) Tal e como se indicou anteriormente, este servizo non procedeu á limpeza da estrada porque non tivo coñecemento do accidente.*
- d) Analizando os sinais no sentido descendente dos P.Q., coincidindo co sentido no que circulaba o vehículo accidentado cara A Estrada, cabe indicar que na estrada EP-7016 no P.Q. 17+100 había un sinal vertical de perigo por animais en liberdade (denominación P24) cun panel complementario no mesmo poste co texto “EN TODA A ESTRADA”.*



Adicionalmente no sentido descendente tamén había unha sinal recordatorio de tipo P-24 de perigo por irrupción de animais en liberdade no P.Q. 8+300.



Sinal P-24 con panel complementario no P.Q. 17+100 en sentido descendente dos P.Q.



Sinal P-24 no P.Q. 8+300 en sentido descendente dos P.Q.

O último sinal de velocidade máxima permitida antes do lugar do sinistro é de 50 km/h e atópase no P.Q. 2+420 en sentido descendente dos P.Q. (hacia a Estrada).

- e) *Na zona da estrada onde se produciu o sinistro (P.Q. 0+720) a visibilidade é boa, atópase ao remate dun treito de estrada de tipo boscoso. A uns 100 metros da zona do accidente hai algunha vivenda dispersa e a 300 metros atópase o núcleo de Guimarei, en ambos casos na mesma dirección en sentido A Estrada.*

No lugar do accidente a calzada ten escasa pendente lonxitudinal e localízase nunha recta cunha lonxitude de 300 m (entre o P.Q. 0+500 e o P.Q. 0+800), presentando na zona inmediatamente anterior un trazado sinuoso (entre o P.Q. 0+800 e o P.Q. 1+000) tal e como advirte un sinal de curvas perigosas no P.Q. 1+000.



Zona na que se produciu o accidente no P.Q. 0+720 sentido descendente dos P.Q.

- f) *Segundo a normativa vixente, considéranse treitos con alta incidencia de accidentes con animais aqueles treitos de 3 km de lonxitude nos que se dea algunha das seguintes situacións:*

- *Rexistro de 5 ou máis accidentes con animais nos últimos 5 anos.*



- Índice de perigosidade con animais dos últimos 5 anos superior a 100, téndose rexistrado a lo menos 2 accidentes con animais no treito.

O Índice de perigosidade con animais (IPA) calcúlase a partir da seguinte fórmula:

$$IPA = \frac{Acc \text{ con animais} \times 10^8}{IMD \times 365 \times Lonxitude(Km)}$$

Tendo en conta os datos de accidentes con animais en tódalas estradas de titularidade provincial e considerado o criterio normativo indicado, a Deputación de Pontevedra non estableceu ningún Treito de Alta Incidencia de Accidentes con Animais en toda a estrada E.P. 7016 no ano 2022 (análise de accidentes entre 2018 e 2022), nin no ano 2023 (análise de accidentes entre 2019 e 2023), nin no ano 2024 (análise de accidentes entre 2020 e 2024). No ano 2025 aínda non está publicada a relación destes treitos nas estradas da rede provincial.

César Paredes Rodríguez

Enxeñeiro _____

Resultando.- Que con data 26/05/2026, solicitouse informe aclaratorio ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, para que ratificasen ou rectificasen o seu informe de data 21/05/2026, facéndoo expresamente sobre o seguinte extremo: se no sentido que levaba a motocicleta, tivo o seu condutor ocasión de ver o citado sinal P-24 de perigo por animais en liberdade -así como o sinal de velocidade máxima permitida a 50 km/h-, extremo sobre o que se precisa dunha aclaración, pois namentres que no informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación, se recolle que: *Na estrada E.P. 7016 no P.Q. 17+100 había un sinal vertical de perigo por animais en liberdade cun panel complementario no mesmo poste co texto "EN TODA A ESTRADA" e, adicionalmente, no sentido descendente tamén había un sinal recordatorio de tipo P-24 no P.Q. 8+300 (...)*, consta no expediente a seguinte documentación contraditoria co informado:

- Xunto coa reclamación, aporta o reclamante informe ARENA da Agrupación de Tráfico, que recolle, no apartado da descrición e parecer do axente actuante, que non existe sinalización de perigo P-24.



- Asemade, achega coa reclamación informe emitido polo Director do Departamento de Seguridade Vial da Unión Internacional para a Defensa dos Motociclistas no que se recolle o seguinte en relación co accidente:
 - (...) *la señal de peligro P-24 no existía y nunca estuvo.*
 - *Desde el año 2022 se ha tenido conocimiento, al menos, de seis accidentes, en una extensión de 10,800 kilómetros consecutivos en la E.P. 7017.*
 - *Sin embargo, en sentido ASCENDENTE la señal P-24 se localiza a la altura del km 0,300 (...).*

Resultando.- Que con data 01/06/2026, o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe complementario co seguinte contido literal:

Ratifícase o mesmo que xa consta no informe de data 21/05/2026 referente ás cuestións das que se solicitan ratificación (non habendo lugar a rectificación):

“Analizando os sinais no sentido descendente dos P.Q., coincidindo co sentido no que circulaba o vehículo accidentado hacia A Estrada, cabe indicar que na estrada EP-7016 no P.Q. 17+100 había unha sinal vertical de perigo por animais en liberdade (denominación P-24) cun panel complementario no mesmo poste co texto “EN TODA A ESTRADA”.

Adicionalmente no sentido descendente tamén había un sinal recordatorio de tipo P-24 de perigo por irrupción de animais en liberdade no P.Q. 8+300.”

“O último sinal de velocidade máxima permitida antes do lugar do sinistro é de 50 km/h e atópase no P.Q. 2+420 en sentido descendente dos P.Q. (hacia a Estrada).”

Por outra parte, no informe xa emitido xa se aportaron fotografías tanto do sinal P-24 que estaba colocado no P.Q. 17+100, como do sinal P-24 que estaba colocado no P.Q. 8+300.

Polo tanto, en relación ó solicitado, o condutor da motocicleta tivo ocasión de ver os citados sinais P-24 de perigo por animais en liberdade no P.Q. 17+100 e no P.Q. 8+300, así mesmo tivo ocasión de ver o citado sinal de velocidade máxima permitida a 50 km/h no P.Q. 2+420 (nos 3 casos faise referencia a sinais situados no mesmo sentido da marcha da motocicleta), antes de chegar ó lugar do sinistro no P.Q. 0+720.



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndese o seguinte:

- O propio reclamante relata na súa instancia que circulaba a unha velocidade de 60 km/h.
- O accidente tivo lugar ás 05:50 horas, sen luz natural nin artificial.
- Recóllese no informe ARENA aportado coa instancia que a superficie do firme estaba seca e limpa, sendo o tramo recto e plano e con boa visibilidade.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas da Deputación, en toda a estrada EP-7016, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 17+153, cunha lonxitude total de 17.153 metros, tense rexistrado na aplicación informática de atención a emerxencias na rede viaria provincial, un único accidente con animais salvaxes (o 14/12/2022, no P.Q. 7+000, entre o período comprendido do 01/01/2022 e a actualidade).
- No sentido descendente, coincidindo co sentido no que circulaba o vehículo accidentado cara A Estrada, cabe indicar que no P.Q. 17+100 había un sinal vertical de perigo por animais en liberdade (denominación P-24) cun panel complementario no mesmo poste co texto "EN TODA A ESTRADA".
- Adicionalmente, no sentido descendente, tamén había unha sinal recordatorio de tipo P-24 de perigo por irrupción de animais en liberdade no P.Q. 8+300.
- O último sinal de velocidade máxima permitida antes do lugar do sinistro é de 50 km/h e atópase no P.Q. 2+420, en sentido descendente dos P.Q. (cara A Estrada).
- Na zona da estrada onde se produciu o sinistro (P.Q. 0+720) a visibilidade é boa, atópase ao remate dun treito de estrada de tipo boscoso.
- No lugar do accidente a calzada ten escasa pendente lonxitudinal e localízase nunha recta cunha lonxitude de 300 m (entre o P.Q. 0+500 e o P.Q. 0+800), presentando na zona inmediatamente anterior un trazado sinuoso (entre o P.Q. 0+800 e o P.Q. 1+000) tal e como advirte un sinal de curvas perigosas no P.Q. 1+000.



Considerando.- Que polos argumentos esgrimidos no anterior considerando, como a existencia de dous sinais de perigo P-24 -que tivo ocasión de ver o accidentado antes de producirse o accidente-, un deles cun panel complementario coa indicación *"En toda a estrada"*, as marxes de tipo boscoso, o sinal de advertencia por curvas perigosas, así como o sinal de limitación de velocidade, que establece a prohibición de circular a mais de 50 k/h, son circunstancias todas elas que fan descansar, a lo menos de modo indiciario, a responsabilidade no condutor do vehículo, vinculado coa forza maior. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, "todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse".

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: *"1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:*

c) "CUANDO HAYA ANIMALES EN LA PARTE DE LA VÍA QUE SE ESTÁ UTILIZANDO O PUEDA PREVERSE RACIONALMENTE SU IRRUPCIÓN EN ELLA".

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

"...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...".

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *"...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor..."*.

Artigo 18.1: *"...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad..."*.

Artigo 132.1: *"...Todos los usuarios de las vías objeto de esta Ley están obligados a obedecer las señales de circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar*



su comportamento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”.

Artigo 149: *Las señales de advertencia de peligro tienen por objeto indicar a los usuarios de la vía la proximidad y la naturaleza de un peligro difícil de ser percibido a tiempo, con objeto de que se cumplan las normas de comportamiento que, en cada caso, sean procedentes.*

P-24: Paso de animales en libertad. Peligro por la proximidad de un lugar donde frecuentemente la vía puede ser atravesada por animales en libertad.

Considerando.- Que a Deputación non ten a obriga de valar estradas, deber que soamente é predicable de autoestradas e autovías.

Considerando.- Que a Disposición Adicional Sétima do Real Decreto Lexislativo 6/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, establece o seguinte:

“En accidentes de tráfico ocasionados por atropello de especies cinegéticas en las vías públicas será responsable de los daños a personas o bienes el conductor del vehículo, sin que pueda reclamarse por el valor de los animales que irrumpen en aquéllas.

No obstante, será responsable de los daños a personas o bienes el titular del aprovechamiento cinegético o, en su defecto, el propietario del terreno cuando el accidente de tráfico sea consecuencia directa de una acción de caza colectiva de una especie de caza mayor llevada a cabo el mismo día o que haya concluido doce horas antes de aquél.

También podrá ser responsable el titular de la vía pública (...) por no disponer de la señalización específica de animales sueltos en tramos con alta accidentalidad por colisión de vehículos con los mismos”.



Considerando.- Que diferentes precedentes sentados polos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, en supostos con identidade de razón, irrupción de fauna na estrada, desestimaron os recursos presentados, ó estar debidamente advertido o perigo co sinal P-24 de paso de animais en liberdade, como son as seguintes sentenzas:

- Sentenza 75/2005 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, desestimou o recurso contencioso presentado pola entidade mercantil demandante, no cal existía o sinal vertical P-24 de advertencia de perigo por paso de animais en liberdade, deixando dito que:

“... No se puede pretender ampliar las obligaciones de la entidad titular de la carretera convencional, en este caso la Diputación de Pontevedra, para adoptar especiales medidas de policía que eviten la irrupción en la calzada de animales salvajes que deambulan en libertad, más allá de la señalización de su presencia y la moderación de la velocidad, ya que la normativa no impone en estos casos la obligación de instalar obstáculos sobre la calzada para garantizar unas condiciones de seguridad que son de imposible cumplimiento al tratarse de situaciones que escapan a toda posibilidad de control por parte de los servicios administrativos para impedir la irrupción de animales que deambulan con libertad y sin intervención de la entidad provincial demandada, que en este caso debe quedar exenta de la responsabilidad indemnizatoria ...”.

- Asemade, a Sentenza 202/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº3 de Pontevedra:

“La conclusión para este asunto, vista la prueba de que ha dispuesto el juzgado, conduce a la desestimación del presente recurso, porque no se habría demostrado que la Diputación, en la condición de titular de la carretera en cuestión, donde sucedió este accidente, hubiera dejado de adoptar las medidas de precaución que le serían exigibles, razonables, para evitar este tipo de accidentes”.

- Igualmente, a Sentenza 41/2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, desestimou o recurso contencioso-administrativo presentado por accidente producido por irrupción dun xabaril na estrada ó dicir que:

“El hecho de que exista también en el tramo una señal que recuerda el límite de velocidad a 90 km/h, que es el genérico para ese tipo de vía, no puede considerarse como indicio de que haya cesado la advertencia de la señal P-24, y debiendo recordarse que se trata de una señal de máximo, de modo que el conductor, en atención a las circunstancias –como



ocurre en este caso, de tramo boscoso y horas nocturnas– ha de adecuar la velocidad conforme se señala en el artículo 45 del Reglamento General de Circulación”.

- Do mesmo xeito a Sentenza 71/2022, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recolle o seguinte:

“De lo expuesto, se concluye que la recurrente no ha demostrado la existencia del necesario nexo causal entre el funcionamiento de la Administración demandada y el siniestro, ya que como se ha adelantado, el siniestro se produjo en un tramo de una carretera convencional en la que no existe obligación de vallar, habiéndose constatado en el Informe de Tráfico de la Guardia Civil el buen estado de conservación de la carretera, así como el informe del Servizo de Infraestructuras e Vías Provinciales de la Diputación ha demostrado que en la fecha de la colisión existía una señal P-24 de peligro de animales salvajes muy próxima al lugar del accidente. Por tanto, la Diputación Provincial de Pontevedra no tuvo responsabilidad alguna en la causación del siniestro aquí enjuiciado, ya que, o bien, se debió a la velocidad imprudente del conductor que le impidió esquivar al animal, infringiendo con ello lo dispuesto en el art. artigo 45 y 46 del Reglamento General de Circulación (obligación de todo conductor a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta las características y el estado de la vía a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse, especialmente, cuando pueda preverse racionalmente la irrupción de animales en la vía) o bien, en un supuesto de fuerza mayor, irresistible, inevitable y externo al ámbito de intervención de la Administración local demandada”.

- Asemade, a Sentencia 156/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3:

“De todos modos en lo que aquí interesa, es más que suficiente con ese dato: había una señal P24 situada en el PK 2+300, situado a tan sólo 300 mts de distancia, antes del punto en que sucedió el accidente (pk 2+000, pues el coche circulaba en sentido descendente de acuerdo con su sentido de la marcha) que advertía exactamente de ese peligro. Por ese motivo no es posible la estimación del recurso; no pudiendo imputarse a la administración ninguna responsabilidad en lo sucedido”.

Considerando.- Que constan, asemade, na Asesoría Xurídica da Deputación, outros precedentes dos Xulgados do Contencioso Administrativo de Pontevedra, nos que a pesares da inexistencia do sinal vertical P-24 de advertencia de perigo (o que non se produce no presente suposto, no que sí existía o citado sinal), desestimaron igualmente os recursos presentados por non existir probas



suficientes da frecuencia no seu paso, que obrigaría á Administración a colocar o sinal de perigo. Estes precedentes son os que se citan “ad exemplum”:

- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1: 171/2005; 115/2009; 119/2010; 179/2011; 268/2011 e 259/2012.
- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2: 228/2008; 1/2012, 243/2014 e 15/2021.
- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3: 27/2010, 43/2011 e 14/2025.

Considerando.- Que en outros supostos con identidade de razón (arredor de 26 reclamacións de responsabilidade patrimonial por irrupción de fauna en vías provinciais), foron desestimadas as solicitudes de indemnización sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, os que atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer recurso contencioso-administrativo; tales precedentes constan na Asesoría Xurídica da Deputación.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/2020; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas xudiciais pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo Xeral.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

29.37392.- AUTORIZACIÓN CAMBIO DIRECTOR DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4001 DENDO O P.Q. 0+810 ATA O P.Q. 1+710 (CONCELLO DE PONTEAREAS) (EXPTE. 2024078759)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/01/2026 acordou nomear directora da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o PQ 0+810 ata o PQ 1+710 (Concello de Ponteareas)" á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

Resultando.- Que mediante escrito de data 06/07/2026 que consta no expediente con CSV: 414IORMZRONSK3TO, o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicita un cambio de nomeamento na dirección da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o PQ 0+810 ata o PQ 1+710 (Concello de Ponteareas)" por motivos de organización do departamento técnico, pasando o enxeñeiro D. Jaime Ruibal de Sola adscrito o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais a exercer as funcións de Director da obra de referencia.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: "Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...".

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar o cambio de dirección da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o PQ 0+810 ata o PQ 1+710 (Concello de Ponteareas)", deixando sen efecto dende a data de adopción deste acordo, o nomeamento de Dona Andrea Otero Otero.



2. Nomear director da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o PQ 0+810 ata o PQ 1+710 (Concello de Ponteareas)” a D. Jaime Ruibal de Sola, xefe da Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

30.37393.- COMUNICACIÓNS: non houbo.

31.37394.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo

32.37395.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e trece minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

